

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito (inclusive a coordinación do Grao na simultaneidade ADE-Dereito)

CURSO 2015-2016

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Informe de accións de coordinación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito

Validado pola Comisión de Calidade o 28 de outubro de 2016

Aprobado na Xunta de Facultade o 28 de outubro de 2016

CURSO 2015-2016

Índice

1.	Información xeral.....	3
2.	Coordinación.....	3
3.	Xustificación e descrición do informe.....	3
4.	Accións de coordinación.....	4
4.1.	Reunións e actuacións de coordinación.....	4
4.1.1.	Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Grao en Dereito cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os do Grao en Dereito e da Simultaneidade-.....	4
4.1.2.	Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e na Simultaneidade.....	5
4.1.3.	Reunións e actuacións de coordinación cos titores/as do Plan de Acción Titorial.....	6
4.1.4.	Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade.....	6
4.1.5.	Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados	6
4.1.6.	Informe do coordinador/a do traballo de fin de grao.....	6
4.1.7.	Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo	11
4.1.8.	Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito.....	11
4.2.	Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	12
4.2.1.	Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade.....	12
4.2.2.	Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade no curso 2015/2016.....	14
4.2.3.	Actuacións desenvolvidas para a promoción do centro e das súas titulacións.....	15
4.3.	Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora.....	16
4.3.1.	Actuacións e incidencias máis relevantes.....	16

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

4.3.2. Accións de mellora	28
5. Conclusións	29
6. Anexos.....	29

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

1. Información xeral

Denominación do título	Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Curso de implantación	2009/2010 Plan 0 (plan de estudos “G080 – Plan 2009” 2014/2015 Plan 1 (plan de estudos modificado “G081 – Plan 2014” 2014/2015 PCEO (plan conxunto de estudos Grao en Dereito/Grao en Administración e Dirección de Empresas)

2. Coordinación

Equipo coordinador do Grao en Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito complementado pola comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo
Equipo coordinador do Grao en Dereito na simultaneidade ADE-Dereito	Equipo de goberno da Facultade de Dereito complementado por un/unha docente doutor da Facultade de Dereito e outro da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

3. Xustificación e descrición do informe

A memoria para solicitar a verificación da modificación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo lembra no apartado «Procedemento de coordinación do grao» (páx. 48) que na memoria inicial se formulou a figura do coordinador/a de curso para garantir a axeitada coordinación docente no proceso de programación da avaliación continuada das materias en cada curso académico, pero que, co paso do tempo, se apreciou que era preferible contar cun coordinador/a único para a titulación. Entre outras funcións, o coordinador/a do grao deberá emitir informes periódicos a través dos que manter informado o decanato das incidencias e dos eventos relevantes. Para tal fin, o coordinador/a do grao debe manter reunións de coordinación co alumnado e co profesorado do Grao en Dereito. Pola súa banda, os coordinadores/as das materias de Prácticas externas e de Traballo de fin de grao encárganse de coordinar ós distintos titores/as e o coordinador/a de relacións internacionais. Todos os labores de coordinación horizontal e vertical que se desenvolven facilitan o bo funcionamento do título, a análise das incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e dos plans de mellora acometidos dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

Dada a peculiaridade do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo, título único impartido en dous centros –as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo–, constituíuse unha comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as e os coordinadores/as do grao, co obxecto de avaliar

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entrambos os centros.

Finalmente, dende o curso 2014/2015 posibilitouse que o estudantado poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas no Campus de Ourense, mediante un programa conxunto («simultaneidade») elaborado polas facultades de Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais. En relación coa coordinación da simultaneidade, o artigo 6 da Memoria vixente para o programa conxunto de estudos oficiais do grao (PCEO) do Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito (Campus de Ourense), aprobada en Consello de goberno do 22 de xullo de 2016 prevé o desenvolvemento das tarefas de coordinación do programa de simultaneidade por un equipo integrado polas persoas coordinadoras do Grao en ADE e do Grao en Dereito, agás que a persoa titular do decanato dun centro decida delegar nun vicedecano/a a coordinación do grao do respectivo centro no PCEO. Ademais establecerase un órgano coordinador formado polas persoas titulares dos decanatos e as coordinadoras dos graos de ambos os centros no PCEO. Esta comisión, cando existan dificultades na coordinación que o fagan conveniente, reunirse a instancias de calquera dos dous decanatos.

4. Accións de coordinación

A continuación descríbense as diversas actuacións de coordinación docente realizadas no curso académico 2015-2016 coa finalidade de facilitar o bo funcionamento do centro e do título de Grao en Dereito –incluído o programa conxunto da simultaneidade ADE-Dereito-, analizar as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación e na organización de actividades conxuntas entre os distintos actores implicados e acometer plans de mellora dende a coordinación do equipo de goberno do centro.

4.1. Reunións e actuacións de coordinación

4.1.1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Grao en Dereito cos representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os do Grao en Dereito e da Simultaneidade-

Durante o curso académico 15/16 realizáronse un total de 3 reunións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 23/10/2015. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
 - a) posta en marcha do cronograma de actividades do curso 15/16 1º cuatrimestre
 - b) necesidade de cumprimento e adopción do recollido nas guías docentes, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado
 - c) queixas dos docentes recollidas na última reunión de coordinación
 - d) incidencias detectadas no desenrolo da docencia
 - e) nova normativa do TFG

- 22/01/2016. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
 - a) posta en marcha do cronograma de actividades do curso 15/16 2º cuatrimestre
 - b) necesidade de cumprimento e adopción do recollido nas guías docentes, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado
 - c) celebración dos seguintes cursos: 3.5 (curso de orientación académica para estudantes de 3º curso do Grao en Dereito), ACTIVA A TÚA BUSCA DE EMPREGO, Módulo JEAN MONNET “, "Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas".

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- d) medidas adoptadas por parte do decanato con respecto as queixas/propostas presentadas na anterior reunión de coordinación
 - e) incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia
 - f) normativa TFG
 - g) prácticas curriculares
- 06/05/2016. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polos delegados sobre:
 - a) Solicitude de participación do alumnado de 3º curso na enquisa de satisfacción da Titulación
 - b) Solicitude, as/os delegadas/os, de colaboración no proceso de revisión das guías docentes para o próximo curso.
 - c) Informar da instauración, para o próximo curso académico, dun procedemento de control das titorías realizadas, por parte de cada titor de TFG, ao longo do curso co/a alumno/a titorizado.
 - d) Solicitude de maior implicación dos representantes dos alumnos da Simultaneidade ADE-Dereito nas reunións de coordinación celebradas entre ambos decanatos, recordándolles que son os representantes dos alumnos os que deben de transmitir as queixas / suxerencias relacionadas con ADE á Coordinadora e Decana ou Vicedecana de dita titulación.
 - e) En relación coa elaboración do TFG na Simultaneidade, informar sobre a necesidade de elaborar dous TFGs, un por titulación, según indica a normativa.
 - f) En relación coa queixa sobre a ausencia no plan de estudos do PCEO dunha materia como Matemáticas, se indica que o centro non ten competencias neste tema e que é a Facultade de CCEE e Turismo a encargada de organizar o curso 0 no que se impartan os contidos que sirvan para suplir a ausencia de dita materia no plan de estudos.
 - g) Informase sobre a planificación, para o día 2 de setembro de 2016, do curso "0" -"Introdución aos estudos de Dereito" e requírese a colaboración dos representantes de alumnos, téndose reservado unha sesión informativa ás 13:15 do referido día 2 de setembro.
 - h) A recepción dunha queixa sobre o sistema de avaliación empregado na materia "Dereito Internacional Privado" de 3º curso do Grao en Dereito e as medidas adoptadas.
 - i) Con respecto ás suxerencias recollidas na anterior reunión sobre as datas dos exames, a Vicedecana informa de que, nos vindeiros días, se enviará un correo electrónico ós representantes de alumnos, solicitando a remisión das propostas de calendarios de exames.
 - j) Informe das medidas adoptadas por parte do decanato con respecto as queixas/propostas presentadas na anterior reunión de coordinación
 - k) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia

4.1.2. Reunións e actuacións de coordinación do Grao en Dereito co profesorado con docencia no Grao en Dereito e na Simultaneidade

Durante o curso académico 15/16 realizáronse un total de 3 reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 23/10/2015. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre:
 - a) Convocatoria, dentro do PAT, da primeira reunión de presentación co alumnado titorizado, convocando tamén ós alumnos titores
 - b) Informe do contido das distintas reunións mantidas coas/os delegadas/os en el pasado curso
 - c) Solicitude de colaboración para a planificación das posibles datas para a realización das enquisas de avaliación docente.
 - d) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia
- 22/01/2016. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre:
 - a) Entrega do cronograma de actividades académicas para o segundo cuadrimestre,
 - b) Indicacións para o desenvolvemento da docencia
 - c) Desenvolvemento do PAT
 - d) Proceso de planificación das Enquisas de Avaliación Docente EAD do 2º cuadrimestre
 - e) Informe do contido das distintas reunións mantidas coas/os delegadas/os en el pasado curso
 - f) Recollida das incidencias detectadas no desenvolvemento da docencia
- 06/05/2016. O obxectivo principal desta reunión foi informar e recoller os comentarios realizados polo profesorado sobre:
 - a) Entrega do cronograma de actividades para o vindeiro curso académico
 - b) Elaboración das guías docentes para o curso 16/17
 - c) Avaliación do alumnado e recollida de evidencias
 - d) Desenvolvemento do PAT

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- e) Recollida das incidencias detectadas no desenrolo da docencia
- f) Informe do contido das distintas reunións mantidas coas/os delegadas/os en el pasado curso

4.1.3. Reunións e actuacións de coordinación cos titores/as do Plan de Acción Tutorial

Durante o curso académico 1516 realizáronse un total de 8 reunións/actuacións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación:

- 17/07/2015: Dende a coordinación, envíase un email ós titores do curso 14/15 solicitando si desexan continuar, como titores, para o curso 15/16.
- Setembro 2015: Envíase un email os alumnos de 3º e 4º do Grado e os alumnos de 2º do PCEO (curso máis alto do PCEO neste curso) solicitando a súa colaboración para participar no PAT como alumnos-titores.
- 24/09/2015: Publícase na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnos a profesores. titores/alumnos. titores para o curso 15/16.
- 30/09/2015. Dende a coordinación, enviouse un email os titores do PAT solicitando que se convocase una primeira reunión ós alumnos titorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. A dita reunión deben asistir os estudantes titores. Todos os titores enviaron copia do email onde convocaban ós seus alumnos a esta primeira reunión.
- 2/10/2015: Dende a coordinación, envíase un email ós estudantes titores do Plan de Acción Tutorial convocándoos a unha reunión que se celebrará o día 6 de outubro coa idea de analizar as funcións do estudiantado titor.
- 19/01/2016. Dende a coordinación do Grado e Simulteneidade enviouse un email ós titores do PAT solicitando que se convocase unha reunión para o seguimento dos estudantes titorizados.
- 02/06/2016. Dende a coordinación enviouse un email ós titores do PAT solicitando que cumprimentasen o anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a" e o envíen por email a coordinadora. Tamén se solicita o profesorado que, se aínda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas o longo do curso, os envíen para poder realizar o informe final do PAT deste curso.
- 23/06/2016: Dende a coordinación enviouse un email ós alumnos titorizados solicitándolles que cubran o anexo "IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado" e o envíen por email a coordinadora.

4.1.4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de relacións internacionais co alumnado implicado en accións e programas de mobilidade

Durante o curso académico 2015/2016 participaron nove alumnos no Programa de mobilidade ERASMUS. Publicada a lista provisional de destinos, tivemos unha reunión o día 10 de marzo ás 14.15h no seminario da quinta planta (adxunto lista provisional e definitiva). Tras esa reunión conxunta, mantivemos unha comunicación individualizada con cada estudante, ven vía email, ven en diversas reunións coa finalidade de resolver todas as dúbidas relativas ó Programa e a elaboración do contrato de estudos. Tamén se informou, tanto no curso 3.5 como ós alumnos de 2º curso do Grao sobre as posibilidades de mobilidade. Por outra banda, Amelia, a Directora da ORI impartiu unha charla sobre os Programas de mobilidade.

Conclusións da coordinadora:

As cifras de mobilidade non son boas, debido, en parte á crisis económica e as modificacións do sistema de becas do Ministerio. Como exemplo, fronte ós 9 alumnos do curso 15/16, no curso 16/17 temos 4 alumnos.

Tampouco temos mobilidade SICUE ni de acordo bilateral (con América Latina) anque si recibimos alumnos.

4.1.5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a de prácticas externas co alumnado ou cos titores/as implicados

A. Reunións e actuacións de coordinación

Durante o curso 2015/2016 realizáronse as seguintes reunión e actuacións en relación coa materia prácticas externas:

- Maio, xuño, xullo, setembro e outubro: diferentes reunións e toma de contacto cos organismos implicados na realización das prácticas coa finalidade de determinar o número de prazas, o proxecto formativo así como as actuacións necesarias para a realización das mesmas. Execútanse, ademais dos Convenios que xa figuran no informe 2014-2015, os Convenios entre o Concello de Ourense e a Subdelegación do Goberno coa Universidade de Vigo.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Xuño 2015: Elaboración da guía docente pola coordinación.
- Novembro e decembro: publicación dos Convenios+proxectos formativos das institucións e empresas colaboradoras + oferta de prazas (24 prazas en total). Plataforma TEMA.
- Xaneiro 2016: Adxudicación das Prácticas externas + publicación da Resolución definitiva na plataforma TEMA e na páxina web da Facultade (apartado Grao en Dereito/Prácticas exteRnas) + comunicación aos titores externos dos datos dos alumnos seleccionados para a realización das prácticas nos distintos organismos e empresas implicados.
- Xaneiro/febreiro 2016. Presentación da materia prácticas externas no ao comenzo co cuadrimestre e intervención no curso 3.0 . AnexoI. Resumo presentación
- 07/04/2016: Recordatorio da entrega do informe intermedio a través da plataforma TEMA e do correo electrónico do Decanato de forma individual co seguinte texto: “Buenos días, tal y como establece el artículo 9 de la Normativa de desarrollo de las prácticas externas curriculares para los estudios del Grado en Derecho de la Facultad (<http://dereito.uvigo.es/images/files/gobierno/Normativa-Desenvolvemento-Practicas-Externas.pdf>) os recuerdo que una vez que se supere la mitad del período de duración de las prácticas debeis entregar al tutor académico un informe intermedio de seguimiento.

Los datos que deben incluirse necesariamente en dicho informe figuran en el citado artículo”.

- Segundo cuadrimestre: Reunión individual con cada alumno. O obxectivo da reunión foi o seguinte: a) recepcionar a documentación pendente de entrega á coordinación; b) realizar o seguimiento das prácticas externas curriculares e c) resolver as dúbidas xurdidas en relación coa elaboración de informes.
- Recepción do informe final e valoración de los titores externos. Publicación das cualificacións o 10 de xuño de 2016 (plataforma TEMA)

B. Informe sobre cooperación con Institucións e empresas na materia “Prácticas extracurriculares” no curso 2015-2016.

De conformidade co disposto no Anexo I do procedemento de matrícula de materias optativas e na Normativa de prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito, a oferta formativa para o curso 2015-2016 foi de 24 prazas.

Estas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

Colexio de Procuradores de Ourense (4). Convenio entre o IC Provincial de Procuradores dos Tribunais de Ourense, de 31 de outubro de 2012.

Colexio Notarial de Galicia (3). Convenio entre o IC Notarial de Galicia e a Universidade de Vigo, de 3 abril de 2013.

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (2). Convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a Universidade de Vigo, de 21 de decembro de 2012.

Deputación Provincial de Ourense (2). Convenio entre a Exma. Deputación de Ourense e a Universidade de Vigo, de 25 de outubro de 2012.

Fiscalía Provincial de Ourense (5). Convenio entre a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia e a Universidade de Vigo, de 26 de febreiro de 2014

Despachos de Avogados (3). Convenios entre Albino Ferreira Abogado, ESEDE Abogados e Xuriscal Abogados e a Universidade de Vigo, de decembro de 2014.

Subdelegación do Goberno en Ourense (4). Convenio entre a Administración Xeral do Estado e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas externas, de 5 de marzo de 2015.

Concello de Ourense (2). Convenio entre o Concello de Ourense e a Universidade de Vigo, de 13 de xullo de 2015.

Todos os Convenios relacionados neste epígrafe están publicados integramente na plataforma TEMA e accesibles a todos os alumnos matriculados.

Os alumnos matriculados presentaron na secretaría do Decanato a súa solicitude indicando as preferencias entre os distintos ámbitos de prácticas ofertadas. O modelo de solicitude está recollido no seguinte enlace da páxina web da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo:http://dereito.uvigo.es/images/files/gobierno/formulario_solicitude_opcions_practicas_externas.pdf. O 29 de xaneiro de 2016 publicouse o listado de adxudicación nos termos previamente expostos.

C. Valoración da consecución das propostas de mellora no curso 2015-2016.

Modificación da Normativa prácticas externas curriculares dos estudos do Grao en Dereito:

Coa finalidade de cumprir con esta mellora foi elaborado o novo Regulamento de prácticas externas do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, de 29 de xullo de 2016. O devandito documento atópase publicado na páxina web da Facultade no seguinte enlace: http://dereito.uvigo.es/images/files/titulacions/grao-dereito/g80/Regulamento_practicas_externas_fdo_2016-17.pdf

Promoción por parte da coordinación de prácticas externas de convenios con empresas ou institucións públicas.

Enténdese cumprida a proposta mencionada coa promoción dos seguintes Convenios:

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Convenio entre a Administración Xeral do Estado e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas externas, de 5 de marzo de 2015.
- Convenio específico de Cooperación sobre prácticas externas de alumnos entre a Universidade de Vigo e a Secretaría Xeral de Insitucións Penitenciarias, de 13 de xaneiro de 2016.
- Convenio de Cooperación Educativa entre a Universidade de Vigo e DGA Abogados para a realización de prácticas externas, de 23 de marzo de 2016.
- Convenio de Cooperación Educativa entre a Universidade de Vigo e Lex Auria Abogados, de 8 de abril de 2016.
- Convenio de Cooperación Educativa entre RUA ABOGADOS S.L.P e a Universidade de Vigo, de 19 de febreiro de 2016.
- Convenio de Cooperación Educativa entre Enriquez Procuradores e a Universidade de Vigo, de 11 de febreiro de 2016.

Actuación en relación coa páxina web e publicidade da información:

- Creouse na páxina web un apartado de prácticas e emprego co obxectivo de potenciar a realización de prácticas externas extracurriculares do alumnado do Grao en Dereito, aínda que a súa xestión non depende nin está atribuída ao Centro.
- Actualización do apartado prácticas externas curriculares durante o curso académico para que a información esté a disposición do alumnado matriculado.

4.1.6. Informe do coordinador/a do traballo de fin de grao

A existencia como materia obrigatoria no Grao en Dereito dunha materia de 6 ECTS denominada Traballo de Fin de Grao (en diante, TFG) é unha innovación introducida na ordenación española dos ensinos universitarios polo Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro. Estableceu respecto diso a (aínda vixente) redacción orixinal do *art. 12 (apartados 1, 3 e 7) da citada norma regulamentaria que:

“Os plans de estudos conducentes á obtención do título de Grao (...) concluirán coa elaboración dun traballo de fin de Grao (...) O traballo de fin de Grao terá un mínimo de 6 créditos (...) Deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estará orientado á avaliación de competencias asociadas ao título”.

E en estrito cumprimento de tal prescrición, o TFG pasou a formar parte como materia obrigatoria do plan de estudos da Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo.

A incorporación do TFG aos plans de estudo da carreira de Dereito carece de antecedentes na tradición universitaria española, pois (a diferenza do que sucedía, por exemplo, coas antigas enxeñarías ou coa licenciatura en arquitectura) non existían nos plans de Dereito anteriores ao Espazo Europeo Educación Superior traballos de fin de carreira ou outras materias de similar entidade. Por esa razón, cando a finais da primeira década do século XXI desde as Universidades españolas (entre elas a de Vigo) empézanse a deseñar as novas Memorias do Grao en Dereito, carecíase de modelos experimentados e vividos sobre TFGs ou conceptos académicos equivalentes dentro da propia carreira.

Iso (a falta de experiencia previa) determinou, en primeiro lugar, que a configuración do TFG na Memoria ofrecese algún contido que debe ser corrixido (analizárase máis adiante), e que operativamente (sempre respectando a ficha da materia na Memoria) tanto a guía docente, como o regulamento do TFG, como a praxe académica conforme aos mesmos ofrecese nos primeiros anos algúns contidos que contribúan a que o TFG estivese indebidamente sobredimensionado, cun exceso de carga de traballo para estudantes, titores e membros dos tribunais.

Esta, xa evidenciada en anteriores informes, sobredimensión en boa medida foi corrixido durante o curso 2015-2016 modificando o Regulamento regulador do TFG¹, aínda que é necesario seguir reflexionando e actuando nesa liña, como se explicará máis adiante; tamén segue sendo necesario modificar o apartado 1.5.5.2 (resultados de aprendizaxe) da Memoria do Grao en Dereito, nos termos que se exporán no próximo apartado.

¹ Como se puxo de manifesto no anterior informe (ano 2015), a reforma consistiu en:

- Incorporar novos contidos esixidos polo novo regulamento xeral da Universidade de Vigo aprobado en xullo de 2015.
- Respectando o contido da ficha, redefinir o concepto de TFG, rebaixando o peso do concepto “investigación” e concretando dunha forma ampla e centrada en aspectos académico-profesionais os traballos de “recompilación”.
- Flexibilizar as instrucións e esixencias de carácter puramente formal.
- Establecer 50 páxinas ou 100.000 caracteres como límite máximo rixido.
- Establecer un novo sistema de distribución equitativa dos labores de titorización entre todo o profesorado.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Algunhas destas accións son na nosa Universidade innecesariamente complicadas por unha peculiaridade do sistema universitario de Galicia e da Universidade de Vigo que (sen que iso veña imposto pola normativa estatal de eficacia básica ou plena) de forma, sendo xenerosos,- cuestionable, á vista dos principios constitucionais de servizo aos intereses xerais e de eficacia (art. 103.1 CE), impide que o noso centro poida ter o seu propio título de Graduado en Dereito, e obríguenos (do mesmo xeito que á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo en Vigo) a compartir Memoria de título e aspectos importantes de xestión con outro centro distinto, con profesores distintos, con estudantes distintos, con órganos de gobernos (decanato, Xunta de Facultade,...) distintos, en contornas económicas e profesionais distintos, con convenios e colaboración con Colexios de Avogados distintos, e con lexitimas estratexias como centro universitario distintas.

Problemas derivados do apartado “5.5.1.2. Resultados de aprendizaxe” da Memoria do Grao en Dereito

De acordo co modelo estándar, na Memoria do Grao en Dereito da Universidade de Vigo, a ficha da materia Traballo de Fin de Grao estruturárase nos seguintes apartados:

- Datos Básicos do Nivel 2.
- Resultados de aprendizaxe.
- Contidos.
- Observacións.
- Competencias.
- Actividades formativas.
- Metodoloxías docentes.
- Sistemas de avaliación.

En concreto, o apartado “Resultados de aprendizaxe” di a ficha da materia TFG en tal apartado o seguinte:

“Co Traballo de Fin de Grao o estudante deberá demostrar, ademais de adquirir as competencias e habilidades necesarias para obter o Grao en Dereito, habilidades conducentes á elaboración, presentación e defensa dun traballo de investigación ou de recompilación, a partir de material inédito ou orixinal”.

E de tal definición dos resultados de aprendizaxe, moi especialmente da expresión subliñada, derivase a seguinte análise crítica:

a. Inclúese como resultado de aprendizaxe (como alternativa fronte a un “traballo de recompilación”) elaborar, presentar e defender un “traballo de investigación”, cando resulta que ao longo de todo o Grao (nin sequera no TFG) NON está previsto que os estudantes adquiran ningunha competencia nin habilidade directamente relacionada coa investigación.

b. O que non exista no noso Grao ningunha competencia especificamente ligada á investigación non debe valorarse de forma negativa, pois na estrutura das sucesivas fases de estudos universitarios oficiais española (Grao, Máster, Doutoramento) a iniciación á investigación e a investigación en si mesma están en principio deseñadas para un momento posterior á obtención por parte dos estudantes do título de Grao. Así, na vixente redacción do Real Decreto 1393/2007 establécense os seguintes fins dos distintos estudos universitarios oficiais:

- GRAO (art. 9): “os ensinos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral (...) orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional”.
- MÁSTER (art. 10): entre os posibles fins dos ensinos de Máster figura “promover a iniciación en tarefas investigadoras”.
- DOUTORAMENTO (art. 11): os estudos de doutoramento deben conducir a “a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade”.

c. Á hora da verdade, a realización e tutela dos traballos de investigación do TFG acaban derivando en “mini teses de licenciatura” ou emulacións dos traballos cos que se conseguía a suficiencia investigadora nos vellos programas de doutoramento, co que os estudantes realizan un tipo de traballo que adoita estar por encima das súas posibilidades académicas (unha das razóns polas que estudantes, e titores teñen que dedicar máis tempo do previsto na memoria e nas guías docentes -no caso dos primeiros- e na normativa de recoñecementos académicos da Universidade -no caso dos segundos-), e que está totalmente desligado da realidade profesional coa que se van a atopar en canto saian da Universidade.

d. Doutra banda, non está na memoria definido que é ou que debe entenderse por un “traballo de recompilación”, co que ao longo deste tres anos non se presentou nin un só TFG que non fose ou pretendese ser un traballo de investigación.

Como corolario de todo o anterior, pode concluírse que, como consecuencia da definición dos resultados de aprendizaxe na ficha do TFG na Memoria, nesta materia os estudantes e os seus titores teñen que dedicar máis tempo e intensidade do que corresponde a unha materia de 6 ECTS (pois se conduce aos estudantes desenvolver unha actividade investigadora para a que en xeral non están previamente preparados); que a experiencia académica do TFG está bastante desvinculada do que é a actividade profesional na maior parte das profesións xurídicas; e que, por todo iso, a materia xera uns innecesarios niveles índices de insatisfacción e tensión por parte de boa parte dos estudantes e dos seus titores; as medidas adoptadas durante o 2015 no novo Regulamento do TFG da nosa Facultade (sempre respectando os contidos da Memoria) contribuíu a reducir este problema, pero mentres na Memoria sígase dicindo que o TFG é un traballo de “investigación”, é problema seguirá existindo.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Novos problemas derivados de innovacións normativas da Universidade de Vigo durante o curso 2015-2016

Como se exporá enseguida, a combinación das novas normativas da Universidade sobre a regulación dos TFGs e sobre o dereito de acceso aos estudos de Másters oficiais produciron durante o curso 2016 uns efectos negativos para os estudantes de Dereito, resultando prexudiciais para moitos deles que tras terminar os seus estudos ven como deben deixar transcourir todo un ano (é dicir, “perder un curso”, se desexan cursar o Máster en Avogacía na nosa Universidade, unha das saídas máis demandadas polos estudantes que tras ver incorporada á acta a cualificación da súa TFG terminan o Grao en Dereito.

ACCIONES DE MELLORA DESENVOLVIDAS DURANTE 2016

- Continuouse co labor de reflexión e concienciación sobre a necesidade de “desdramatizar” e rebaixar o peso do TFG no Grao en Dereito: tanto en varias reunións da Comisión de Calidade como da Xunta de Facultade.
- Contactos informais (conversacións persoais e telefónicas entre Decanos) e formais (Reunións de Coordinación de Grao) nas que se puxo de manifesto que os dous centros son conscientes da necesidade de rebaixar o peso do TFG e emprenderon accións en tal sentido.
- Regulación con detalle na guía docente do acto de defensa, alixeirando o seu desenvolvemento e rebaixando o peso do traballo preparatorio do mesmo de estudantes e membros do tribunal.
- A petición da maioría dos PDI que formaron parte dos tribunais de TFGs, confeccionar un novo modelo de acta (persoal de corrección) para facilitar o labor do tribunal. O modelo foi incorporado como Anexo ao Regulamento.

DATOS ACADÉMICOS DE MATRÍCULADOS, PRESENTADOS Y CALIFICACIONES: COMPARATIVA 2015-2016

Datos comparativos: 2015 y 2016

		2015	2016
Estudiantes matriculados		56	
Estudiantes presentados		43	
	Convocatoria maio	23	10
	Convocatoria xullo	16 (+1)	21
	Convocatoria fin de carreira	4	
Cualificacións en maio-xuño			
	MH	--	--
	Sobresáinte	2	3
	Notable	9	3
	Aprobado	11	4
	Suspense	1	--
Cualificacións en xullo			
	MH	--	--
	Sobresáinte	1	6
	Notable	8	6
	Aprobado	8	7
	Suspense	--	2
Fin de carreira (matriculados)		8	21
Fin de carreira (presentados)		4	
Cualificacións Fin de Carreira			
	MH	0	
	Sobresáinte	0	
	Notable	2	
	Aprobado	1	
	Suspense	1	

* No momento de elaborar este informe aínda non se celebrou a convocatoria de fin de carreira de 2016, polo que non hai datos nin de presentados nin de cualificacións).

Análise dos datos

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

O pasado curso, a Universidade de Vigo aprobou dúas normas que proxectan, combinadas, unha moi negativa incidencia sobre os estudantes do Grao en Dereito que se matriculan de TFG en fin de carreira, prexudicando de forma inxustificada as posibilidades de proxección profesional tras o termo dos seus estudos, como se reflicte nos datos expostos no anterior apartado.

A primeira de tales normas é o art. 7.7 do novo Regulamento para a realización do traballo de fin de grao, en virtude do cal:

“O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. O Centro deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a súa presentación(...)”

Esta norma resulta acorde coas previsións sobre o TFG contidas no R.D. 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios. Poida que o modelo adoptado pola Universidade de Vigo non sexa o único posible dentro do marco da devandita norma estatal, pero é onde conduce unha interpretación literal do art. 12.3 do Real Decreto. As consecuencias da aplicación deste modelo, máis ríxido e esixente cos estudantes que o vixente durante os anteriores cursos na nosa Universidade, é claro á vista dos datos comparativos do ano 2015 e 2016: os estudantes en 2016 defenden o seu TFG e terminan a súa carreira máis tarde que en 2015, son moitos menos os que terminan na primeira oportunidade de defensa do TFG (maio-xuño) e son moitos máis os que defenden o seu TFG e terminan a carreira xa iniciado o curso seguinte, na convocatoria de “fin de carreira”.

Tal circunstancia (que illadamente considerada pode dar lugar a reflexións e valoracións de distinto tipo), si se combina coas novas esixencias para ter acceso a Másters oficiais da Universidade de Vigo, ten uns efectos perniciosos para os estudantes do Grao en Dereito.

E é que, ata o presente curso 2016-2017, a Universidade de Vigo permitía aos estudantes aos que lle quedaba algunha materia pendente para fin de carreira (entre elas, como é obvio, sempre o TFG) participar no Máster Universitario en Avogacía como alumnos en “formación continua”, co que podían participar como calquera outro estudante matriculado no Máster desde o comezo das clases, e, máis adiante, unha vez defendido o TFG e terminados os seus estudos de Grao en “fin de carreira”, converter a súa “formación continua” nunha matrícula ordinaria no Máster.

Con todo, para este curso 2016-2017, a Universidade de Vigo eliminou esa oportunidade, co que os estudantes que tras xullo lle quedan pendentes para “fin de carreira” o TFG ou o TFG e outra materia, non poden matricularse de ningunha maneira no Máster e, unha vez que termina a carreira en outubro se desexan cursar o Máster en avogacía deben esperar todo un ano para matricularse un curso máis tarde (salvo que por medio de “enxeñaría administrativa” salvemos dende a Facultade esa situación indesexable), o que prexudica inxustificadamente o desenvolvemento normal da súa formación académica de posgrao.

4.1.7. Reunións e actuacións de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo

Co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan e establecer mecanismos de coordinación docente conxunta entrambos os centros (Facultade de Dereito e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo), durante o curso académico 15/16 realizáronse un total de 2 reunións presenciais deste tipo, nas seguintes datas:

- O longo do mes de outubro, realízanse diversas reunións por videoconferencia entre os coordinadores do Grao en Dereito de ámbalas Facultades para elaborar o informe de seguimento do curso 14/15 e o plan de melloras.
- 06/11/15: Reunión de coordinación con el objetivo de aprobar el Plan de Acciones de Mejora del Grado en Derecho
- 09/05/16: Reunión para a revisión da proposta de asignación das competencias específicas de itinerario ás materias optativas e aprobación, se procede, do envío da listaxe das devanditas competencias á área de Calidade para a súa inclusión en Doenet.

4.1.8. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito

- Durante o curso académico 1516 realizouse unha reunión o 10/02/2016 coa seguinte orde do día:

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- a) Constitución da Comisión de coordinación do PCEO.
- b) Designación do membro da comisión que exercerá as funcións de secretaria na presente reunión.
- c) Aprobación, se procede, da proposta de Normativa de composición e funcionamento da Comisión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais ADE-dereito.
- d) Aprobación, se procede, da proposta de listaxe priorizada de materias do PCEO a cursar polos alumnos con créditos de formación básica cursados noutros graos da mesma rama de coñecemento aos que non se lle recoñeza a totalidade dos créditos de formación básica do PCEO (75 créditos).
- e) Modificación, se procede, da Táboa de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao estudos do PCEO.
- f) Informes das Sras. coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.

4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

4.2.1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade

A Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación das titulacións de grao:

- 08/07/2015: Revisión previa á aprobación pola Xunta de Facultade das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2015-2016.
- 19/10/2015:
 - a) Revisión e validación do Informe Final do Plan de Acción Titorial da Facultade en Dereito do curso 2014-15.
 - b) Revisión e validación do Informe de accións de Coordinación do Grao en Dereito (inclusive a coordinación do Grao na simultaneidade ADE-Dereito) para o curso 2014-15.
 - c) Aprobación do cronograma das accións de calidade que se desenvolverán na Facultade de Dereito e/ou nas súas titulacións durante o curso 2015-2016.
 - d) Proposta de revisión das Instrucións para a presentación de solicitudes á convocatoria de concurso público para a contratación de profesorado asociado do curso 2015-2016 en futuras convocatorias.
 - e) Suxestións en relación coas necesidades de formación do persoal docente e investigador para o seu traslado á Área de Formación e Innovación Educativa.
 - f) Suxestións á proposta de contratación de persoal de administración e servizos e ao Plan de formación do persoal de administración e servizos promovido pola Universidade de Vigo.
 - g) Proposta de eliminación do último inciso do apartado 5 do artigo 8 do Regulamento para a realización do Traballo fin de grao da Universidade de Vigo.
- 23/11/2015:
 - a) Renovación da Comisión de Calidade para adaptar a súa composición ao Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Dereito e incluír ás coordinadoras das titulacións.
 - b) Validación, se procede, dos seguintes informes e plans de mellora provisionais:
 - (i) Informes provisionais de seguimento do Grao en Dereito do curso 2014-2015.
 - (ii) Plan de mellora do centro e do Grao en Dereito do curso 2015-2016 e seguimento do Plan de mellora do curso 2014-2015.
 - (iv) Informe provisional de Revisión do sistema pola Dirección do curso 2014-2015.
- 14/12/2015:
 - a) Validación dos Informes definitivos de Seguimento do Grao en Dereito correspondente ao curso 2014-2015.
 - b) Validación do Informe definitivo de Seguimento do Plan de Mellora correspondente ao Curso 2014-15.
 - c) Validación dos Plans definitivos de mellora do centro e do Grao en Dereito para o curso 2015-2016.
 - d) Validación do Informe definitivo de Revisión do sistema pola Dirección correspondente ao curso 2014-2015.
 - e) Validación do Informe de Resultados de Avaliación correspondente ao curso 2014-15.
 - f) Validación do Informe de Resultados do PDI correspondente ao curso 2014-15.
 - g) Revisión do Plan operativo de información pública e rendimento de contas, e validación das propostas de mellora.
 - h) Aprobación do Cronograma para o desenvolvemento das accións de calidade da Facultade de Dereito e das súas titulacións para o segundo cuatrimestre do Curso 2015-16.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- 01/04/2016:
 - a) Aprobación do envío de escritos do Vicedecano de Planificación e Calidade:
 - Escrito á Reitoría para solicitar que o anexo sobre as modificacións do plan de estudos forme parte da memoria.
 - Escrito aos Departamentos solicitando que os cambios de asignación e dedicación de docentes a materias do Grao e da Simultaneidade se reflectan no POD.
 - Escritos relativos á plataforma DOCNET coa finalidade de dar de alta as materias optativas; que se permita abrir as guías de xeito individual e que se reciba algún aviso cando unha guía é modificada e non enviada á coordinadora do título.
 - Escritos ao profesorado en relación coa avaliación de competencias, coherencia dos resultados de aprendizaxe nas guías docentes e redución do peso do exame final no sistema de avaliación.
 - Escrito ao profesorado para incentivar a asistencia ás reunións e o cumprimento das peticións realizadas pola comisión de calidade.
 - Escrito destinado a incentivar a participación do alumnado no Plan de acción tutorial (PAT).
 - Escrito solicitando o resultado das enquisas de cada profesor.
 - Escrito ao Xefe de Servizo de PDI e á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado co acordo de remisión dunha proposta de revisión das “Instrucións para a presentación de solicitudes á convocatoria de concurso público para contratación de profesorado asociado do curso 2015-2016”.
 - b) Análise e revisión das accións propostas nos plans de mellora.
 - c) Análise da necesidade de establecer un formulario de incidencias para cambios na impartición da materia.
 - d) Análise da necesidade de establecer un formulario para facer constar evidencias da titorización do TFM e do TFG.
 - e) Análise da necesidade de establecer o carácter obrigatorio do cronograma xunto con mecanismos para a súa efectiva implementación.
 - f) Análise do grao de consecución dos obxectivos de calidade no curso 2014/15 e revisión das metas previstas para o curso 2015/16.
 - g) Aprobación do texto das enquisas sobre o uso da páxina web da Facultade.
 - h) Aprobación do texto das enquisas destinadas aos empregadores.
 - i) Aprobación do texto das enquisas destinadas a egresadas/os do Master Universitario da Avogacía.
 - j) Validación da normativa sobre coordinación ADE-Dereito.
 - k) Validación da proposta de reforma da normativa para elaborar o TFG.
 - l) Validación dos novos procedementos aprobados pola Área de calidade.
 - m) Actualización do Plan operativo de información pública.
 - n) Validación dos textos sobre información relativa a saídas profesionais e razóns para estudar Dereito en Ourense.
 - o) Validación das solicitudes de recursos materiais.
 - p) Validación das actuacións realizadas ou previstas para fomentar a mobilidade do alumnado.
 - q) Validación das actuacións realizadas ou previstas como reforzo do alumnado.

- 31/05/2016:
 - a) Validación do calendario de elaboración das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2016-2017.
 - b) Validación da proposta de asignación das competencias específicas de itinerario ás materias optativas.
 - c) Validación do modelo optativo de cronograma de planificación da actividade docente.
 - d) Validación do modelo de formulario para evidenciar a titorización do TFG / TFM.

- 06/07/2016: Revisión e validación das guías docentes do Grao en dereito para o curso académico 2016-17.

- 14/07/2016:
 - a) Aprobación do cronograma das actividades de calidade correspondente ao primeiro cuadrimestre do curso 2016-17.
 - b) Validación do anteproxecto do PAESU para o curso 2016-17.
 - c) Validación do proxecto de Regulamento de prácticas externas e os seus anexos correspondentes.
 - d) Validación das actividades organizadas polo centro en relación co alumnado de novo ingreso para o curso 2016/17: curso cero e curso 3.5 (grao en Dereito).
 - e) Validación das modificacións correspondentes ao procedemento para o seguimento e control da docencia.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito**4.2.2. Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade no curso 2015/2016**

No curso 2015/2016 desenvóléronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

“LIGA DE DEBATE”

DATA: 2 E 9 DE DECEMBRO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“PENSAR EL CINE VII. EL LADO OSCURO DE LA AUTORIDAD. “

DATA: 3, 4, 17, 18 E 24 DE NOVIEMBRE DE 2015

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“CONFERENCIA SOBRE LA REFORMA PENAL DE LOS DELITOS PATRIMONIALES Y ECONÓMICOS”

DATA: 30 DE OUTUBRO DE 2015, 17:00 H.

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“CONGRESO SOBRE PROTECCIÓN DEL CONSUMIDOR Y USUARIO ANTE LAS CLÁUSULAS ABUSIVAS”

DATA: 18, 19 E 20 DE NOVIEMBRE DE 2015

HORARIO: 16 A 20:30

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO 3.5: CURSO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA ESTUDANTES DO TERCEIRO CURSO DO GRADO EN DEREITO”

DATA: 25 DE XANEIRO DE 2016, DE 13:00 H A 14:15 H.

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO ACTIVA A TÚA BUSCA DE EMPREGO”

DATA: 4 E 11 DE FEBREIRO DE 2016

LUGAR: AULA INFORMÁTICA 1.3 DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO CERO INTRODUCCIÓN AOS ESTUDIOS EN DEREITO”

DATA: 4 DE SETEMBRO DE 2015

LUGAR: AULA CONCEPCIÓN ARENAL DA FACULTADE DE DEREITO

MÓDULO JEAN MONNET 2016. “LIBRE CIRCULACIÓN DE TRABALLADORES E MERCADO DE EMPREGO EUROPEO”

DATA: TODOS OS VENRES DO 5 DE FEBREIRO AO 7 DE ABRIL DE 2016

LUGAR: SALA DE VIDEOCONFERENCIAS DA FACULTADE DE DEREITO

MÓDULO JEAN MONNET: “SEMINARIO-OBRAOIRO: BUSCANDO EMPREGO NA UNIÓN EUROPEA”

DATA: 21 DE XUÑO DE 2016

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“JORNADAS SOBRE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVILES Y ADMINISTRATIVOS”

DATA: 25 E 26 DE NOVIEMBRE DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“I XORNADAS CAMIÑANDO CARA Á IGUALDADE: PROBLEMAS E SOLUCIÓNS NA ESFERA XURÍDICA E PSICOSOCIAL”

DATA: 20 E 21 DE OUTUBRO DE 2015

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“II SEMINARIO INTERNACIONAL HISPANO-BRASILEÑO SOBRE SOCIEDAD, DERECHOS HUMANOS Y MEDIO AMBIENTE”

DATA: 26 E 27 DE NOVIEMBRE DE 2015

LUGAR: SALÓN DE GRADOS DA FACULTADE DE DEREITO

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

“CURSO LEXNET”

DATA: 14 DE OUTUBRO DE 2015

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO CONFIDENCIALIDAD Y SECRETO PROFESIONAL EN LA ASISTENCIA SANITARIA”

DATA: 21 DE OUTUBRO DE 2015

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“TALLER DE COMUNICACIÓN ORAL Y ESCRITA”

DATA: 13 E 20 DE NOVEMBRO E 4, 8 E 18 DE DECEMBRO DE 2015

LUGAR: SALA DE VIDEOCONFERENCIA DA FACULTADE DE DEREITO

“I TALLER DE SIMULACIÓN DE JUICIOS”

DATA: 27 E 28 DE XANEIRO; 3, 4, 11, 18 E 24 DE FEBREIRO E 2, 3 E 10 DE MARZO DE 2016.

“XII XORNADAS SOCIEDADE E DEREITO: Muller, política e igualdade”

DATA 28,29 DE MARZO E 1,4 Y 5 DE ABRIL DE 2016.

“I JORNADAS SOBRE DERECHO DEPORTIVO”

DATA: 11, 21 E 22 DE ABRIL DE 2016.

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“II JORNADAS DE SALIDAS PROFESIONALES”

DATA: 28 DE ABRIL E 4, 5 E 6 DE MAIO DE 2016

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“JORNADA EDUARDO GARÍA DE ENTERRÍA: LA UNIVERSIDAD, EL DERECHO Y LA LENGUA ESPAÑOLA”

DATA: 6 DE XUÑO DE 2016

LUGAR: AULA CONCEPCIÓN ARENAL DA FACULTADE DE DEREITO

4.2.3. Actuacións desenvolvidas para a promoción do centro e das súas titulacións.

Na Reunión ordinaria da Comisión de Garantía Interna da Calidade do día 1 de abril de 2016 validáronse as seguintes actuacións realizadas ou previstas para a promoción do centro e das súas titulacións:

As actuacións realizadas para a promoción do centro e das súas titulacións foron as seguintes:

- Xornada de portas abertas dirixida á estudantes de centros de secundaria da provincia celebrada o 29 de marzo de 2015 na Vicerreitoría do Campus, na que se concedeu un protagonismo especial á Facultade de Dereito. Presentación do centro e das súas titulacións pola decana e talleres e mesas redondas dirixidos aos estudantes a cargo dos profesores Roberto Bustillo Bolado e Belén Sánchez Ramos e a investigadora Laura Movilla Pateiro.
- Remisión de información sobre as titulacións de grao do centro (perfil de ingreso, plan de estudos, perfil de egreso...) aos orientadores/as de ensino secundario e centros de Formación Profesional da provincia: correo enviado pola Decana o 30 de marzo de 2015 aos orientadores de centros de secundaria para dar a coñecer a oferta formativa do centro.
- Organización de conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e carteis informativos: a) o obradoiro de simulación de xuízos organizado pola Delegación de alumnos durante os meses de febreiro e marzo e que foi recollido na web do Consello Xeral da Avogacía Española; b) a entrevista á Dr.^a Laura Movilla Pateiro no xornal “La Voz de Galicia” con motivo da celebración do Día Internacional da auga; c) os actos conmemorativos do Día internacional da muller (8 de marzo) con intervención do alumnado desta Facultade.
- Promoción internacional do centro: a través da páxina web e polo profesorado que realiza actividades en Universidades estranxeiras: a Dr.^a Mónica Siota Álvarez e a Dr.^a Inés Iglesias Canle, en Italia; a Dr.^a Laura Movilla Pateiro e a Dr.^a Marta Fernández Prieto, en Reino Unido; a Dr.^a Francisca Fernández Prol en Francia.

En relación coas actuacións previstas figuran as seguintes:

- Solicítase a incorporación do selo de calidade na cartelería do centro e facer algún banner ou cartel.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Charlas divulgativas sobre temas de actualidade a impartir en centros de ensinanza secundaria (durante o presente curso académico non se solicitou este tipo de charlas nin por parte do SIOPE nin por parte de ningún centro de Educación Secundaria).

4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora

4.3.1. Actuacións e incidencias máis relevantes

Este informe ten como obxectivo servir de complemento á información en relación co discorrer do grao que xa consta nos apartados anteriores.

Por orde cronolóxica, indícanse as actuacións e incidencias que se formularon ao longo do curso 2015-2016 no Grao en Dereito, así como as accións de mellora levadas a cabo dende a coordinación.

1. O 14/12/2015 foi validado, pola Comisión de Calidade, o Informe definitivo de Seguimento do Grao en Dereito correspondente ao curso 2014-2015 e do Plan de mellora do centro e das titulacións de Grao en Dereito para o curso 2015-2016. Tanto o informe como o plan de melloras foron elaboradas de forma consensuada cos representantes da Fac. De CC.XX e do Traballo.
2. O 04/09/2015 celebrouse a Xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso do Grado en Dereito e do programa conxunto ADE/DEREITO co obxectivo de:
 - Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
 - Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito .
3. A comezos de outubro de 2014 elixense os delegados/as e subdelegados/as en todos os cursos do grao e Simultaneidade.
4. O 23/10/2015 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grado e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:
 - As/os delegadas/os de curso do Grao solicitan que o profesorado facilite o seguimento da avaliación continua e que se dé máis peso á avaliación continua e menos ó exame final. Sen embargo, as/os delegadas/os da simultaneidade ADE-Dereito indican que prefiren menos probas parciais, entrega de traballos, etc e maior peso do exame final para así poder distribuir o traballo de preparación das materias de un modo máis autónomo. Dende a coordinación se lles indica que o profesorado ten liberdade para organizar como avaliar a materia que imparten (sempre que se respete a ficha da memoria de dita materia) e que non ten obriga de “facilitar” o seguimento da avaliación continua. En calquer outro caso, si o alumno non cumpre os requisitos para adaptarse á avaliación continua que propón o docente, debe optar por unha avaliación para non asistentes. O decano (presenta tamén na reunión) recordou a importancia de asistir ás titorías para plantexar as dúbidas que surxan no transcurso do cuadrimestre á hora de estudar unha materia.
 - As/os delegadas/os indican que sería convinte que nas portas dos despachos figure o horario de titorías dos docentes. O decano lles indica que se estudiará esta posibilidade. Neste mes de setembro de 2016 estanse a elaborar uns carteis con dita información para colocalos nas portas dos despachos.
 - As/os delegadas/os preguntan sobre:
 - as consecuencias de que o profesorado non cumpra as titorías. A vicedecana de organización académica lles explica que existe un procedemento que indica como actuar nestas situacións e se lle comenta.
 - Si se pode pedir ser atendidos por un docente, fora do horario de titorías. O decano lles indica que sí se pode, si ben, o docente pode decidir si atender ou non ó alumnado en esas circunstancias.
 - Si se pode variar, ó longo do cuadrimestre, o profesorado asignado a unha materia na guía docente. Se lles indica que sí se pode variar dado que as guías se elaboran no mes de xuño do curso anterior e se poden producir cambios no plan de ordenación docente (POD) dos departamentos que implique que varíen os docentes.
 - As/os delegadas/os de segundo curso do Grado indican que os alumnos non asisten a clases de Dº Penal I (materia impartida por dous docentes) porque consideran que os docentes explican o contido da materia contradicándose entre eles, debido, en parte, a que ambos docentes utilizan manuais docentes, de base, que seguen teorías distintas. A vicedecana de organización académica lles indica que se poñerá en contacto co profesorado para notificarlles estas incidencias. As/os delegadas/os tamén se queixan de que as prácticas desta materia non se teñen en conta para a avaliación final. Dende a coordinación se lles indica que se revisará a ficha da materia (na memoria do Grado) e a guía docente.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

(Nota: Tras revisar ambas, comprobouse que a guía se adecúa á ficha e que o método de avaliar a materia é completamente válido).

- As/os delegadas/os de terceiro curso do Grao indican que a impartición do temario da materia Dº Civil III se realiza de un modo un tanto caótico, saltando de un tema a outro, sen unha orde lóxica. A vicedecana de organización académica lles indica que se poñerá en contacto co profesorado para notificarlles esta incidencia.
 - O subdelegado de 4º curso do Grado salienta o descontento de parte do alumnado coa nova normativa de elaboración do TFG, no relativo á elección do titor, dado que algúns alumnos xa habían contactado co profesor que elixiran como titor. Sen embargo, coa nova normativa aprobada este curso, a designación do titor para cada alumno se fai seguindo un procedemento que non garante ó alumnado que poidan ser dirixidos polo titor que desexaban. O decano lle pide ó subdelegado que lle envíe un email indicándolle que día podería reunirse cos alumnos de 4º para explicarlles as vantaxes da nova normativa.
 - O subdelegado de 3º curso pide que cando un docente non poida impartir a súa docencia se avise ó alumnado e se cubra esa docencia con outro profesor. A vicedecana de organización académica lle indica que o centro non ten competencia para designar a unha persoa que imparta dita docencia, senón que se notifica ó departamento correspondente a incidencia e é o departamento quen designa a un substituto.
 - As/os delegadas/os da simultaneidade ADE- Dereito solicitan asistir ás reunións de coordinación mantidas co Decanato da Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo en relación coa simultaneidade dado que na titulación de ADE non existe a figura de delegada/o y, polo tanto, non son convocados ás reunións de coordinación de dita titulación. O decano lles indica que llo comunicará a decana do Grado en ADE e que serán convocados á próxima reunión de coordinación.
5. O 30/09/2015, dende a coordinación, enviouse un email os titores do PAT solicitando que se convocase una primeira reunión con alumnos titorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. Todos os titores enviaron copia do email no que convocaban ós seus alumnos a esta primeira reunión.
 6. O 02/10/2015, dende a coordinación, enviouse un email os estudantes titores do PAT
 7. O 05/10/2015, a decana da Facultade, enviou un email os estudantes titores do PAT agradecéndolles a súa participación no PAT e remitíndolles a asignación de alumnos de 1º do Grao a cada estudante tutor.
 8. O 06/10/2015 celebrouse unha reunión cos estudantes titores onde se lles explicou as súas funcións dentro do PAT.
 9. O 23/10/2015 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado con docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade.

Informouse, dende a coordinación, das seguintes cuestións:

- Lémbrese aos coordinadores do PAT que deberían convocar unha primeira reunión de presentación co alumnado titorizado, convocando tamén aos alumnos titores para que asistan á devandita reunión
- Do resultado das distintas reunións mantidas coas/os delegadas/os no pasado curso, deséxase transmitir ao profesorado o seguinte:
 - O alumnado queixase de:
 - Nalgunhas materias séguese dando un peso excesivo ao exame final, desvirtuando o carácter da avaliación continua.
 - Nalgunhas materias abúsase do ditado de apuntamentos como metodoloxía docente durante as clases teóricas, o que dificulta ao alumnado o seguir a explicación do temario.
 - Nalgunhas materias esíxese a asistencia a clases e compútase como parte da nota final da materia.
 - Antes da realización das probas de avaliación, definir claramente detalles que non aparecen contemplados nas guías docentes como, por exemplo, como se avaliarán as respostas erróneas.
 - Tentar non demorarse na entrega das cualificacións obtidas nas distintas probas de avaliación, sobre todo cando estas inflúan para a realización de probas sucesivas.
 - Utilizar o cronograma de actividades para reflectir as probas de avaliación que se realizarán ao longo do cuadrimestre de modo que se avise ao alumnado con suficiente antelación.
 - Organizar actividades docentes avaliáveis (contempladas na guía docente) e plasmadas no cronograma de actividades, pero sempre en horario da materia. O resto de actividades non avaliáveis (charlas, cursos, visitas a xulgados, etc) realizaranse fóra do horario docente.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Necesidade de distribuír as actividades docentes ao longo do cuadrimestre de maneira que se garanta que existen semanas de marxe entre o último exame parcial e o exame final e a repartición de temario entre os exames parciais e exame final.
- Tamén se roga que o profesorado avise, na medida do posible, con antelación da non impartición das clases e do día de recuperación da devandita clase (tras un acordo cos alumnos, se é posible).
- Axustarse, na medida do posible, ao horario docente de cada materia, comezando e finalizando as clases segundo o estipulado no devandito horario.
- Se lembra a importancia de seguir escrupulosamente o indicado na guía docente e programar e elaborar os distintos métodos de avaliación tendo en conta as competencias que os alumnos deben adquirir na devandita materia e como se van a avaliar ditas competencias, de cara á próxima acreditación á que se someterá o Grao no próximo curso académico.
- Nas próximas semanas planificaranse as datas das enquisas de avaliación docente. Desde a coordinación rógase ao profesorado a máxima colaboración, planificando as posibles datas para a realización das devanditas enquisas e indicando en observacións todos aqueles detalles que os encuestadores deben de ter en conta de face a que non se produzan erros no día, hora ou grupo no que realizar a enquisa. Os docentes indican que nas últimas enquisas producíronse distintos incidentes que indicaban a pouca profesionalidade dos encuestadores. Pídeselles que comuniquen á coordinación do Grao todas as incidencias detectadas este curso para polas en coñecemento da área de Calidade da Universidade de Vigo.

Os profesores comunican á coordinación o seguinte:

- A coordinadora de Tº do Dereito, Dña Susana Álvarez, expresa o seu malestar porque a docencia da devandita materia foi impartida por un profesor invitado asignado polo Vicerreitorado de profesorado, que non pode corrixir as probas de avaliación, e, por tanto, tocaralle a ela corrixir ditas probas aínda cando non impartise a docencia.
 - A profesora Dña. Miryam Martínez indica que segue detectando desaxustes, a nivel de coñecementos, nos alumnos do Grao plan 0 (G080) que espera que se corrixan no plan 1 (G081). Tamén indica que sería conveniente pescudar a porcentaxe exacta de aprobados no exame que habilita para o exercicio da profesión e publicitalo na web do centro. O Decano indícalle que se pedirá este dato de maneira oficial aínda que, extraoficialmente, a porcentaxe foi do 100%.
10. O 06/11/15 celebrouse unha reunión de coordinación co obxectivo de aprobar o Plan de Accións de Mellora do Grado en Dereito. Como se van a xerar dous informes de seguimento e accións de mellora por ambos os centros, tal e como se establece pola Universidade, as accións de mellora conxuntas de ambos os centros respecto da Titulación do Grao en Dereito teñen que estar redactadas exactamente iguais. Así mesmo, decídese a denominación que se lle vai a dar ás evidencias do Grao en Dereito, tanto as que se propoñan por cada Centro, como as que sexan conxuntas. Respecto das propostas de mellora conxuntas, faise unha revisión rápida, pero propónse volver revisalas de novo. Decídese por unanimidade que se delega nas coordinadoras do Grao en Dereito de ambas as Facultades, concluír o documento das accións conxuntas de mellora do Grao e supervisado polas Decanas, para a súa posterior aprobación nas Comisións de Calidade e Xunta de Facultade.
11. O 23/11/2015 aprobouse, en Xunta de Facultade, o Plan de Coordinación Docente do Grao en Dereito (validado pola Comisión de Calidade o 8 de xullo de 2015).
12. O 07/01/2016 solicitouse, dende a coordinación, ós profesores do segundo cuadrimestre, a entrega do cronograma de actividades das materias a impartir no segundo cuadrimestre, establecendo como fecha límite o 18 de xanerio de 2016.
13. O 22/01/2016 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grado e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:
- A delegada de 4º curso comenta que os alumnos seguen descontentos coa nova normativa de TFG. A vicedecana explica que a Xunta de Facultade considera que é a normativa máis xusta para non prexudicar ó alumnado e asegurar que todo alumno dispoña dun titor, e tamén para evitar posibles sobrecargas no profesorado garantindo un reparto equitativo de alumnos a titorizar entre o profesorado. A delegada indica que entende que é un método obxectivo pero que implica que a un sector do alumnado se lles asigne titores pouco implicados. A vicedecana indica que, dende o decanato, están abertos a estudar as alternativas que o alumnado lles propoña.
 - A subdelegada de 2º curso indica, que nalgúns materias, o profesorado limitase a ler unhas transparencias e os alumnos a intentar copiar. Solicitan que o profesorado poña a disposición do alumnado o material utilizado na aula. A vicedecana indica que é decisión de cada profesor ó publicar dito material. Os delegados solicitan que, si o profesorado non desexa poñer a disposición do alumnado o material, que proporcionen un esquema ou resumo dos puntos tratados en cada clase ou que indiquen ó inicio de cada tema, os capítulos da bibliografía que se deben consultar para preparar dito tema. A coordinadora do Grao indica que na reunión co profesorado que se celebrará a continuación, se lles transmitirá esta petición.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- A delegada de 3º curso informa de que o alumnado está descontento con que na materia Civil III, impartida por dous profesores, se computase, na nota final, cun un 50% o temario impartido por cada profesor cando un dos profesores impartiu a meirande parte do temario. A vicedecana indica que se porán en contacto co profesorado responsable para lles solicitar que dita situación non se volva a repetir.
 - O delegado de segundo curso da Simultaneidade solicita que, si pode ser, para o seguinte curso académico se planifique algún exame, do primeiro cuatrimestre, antes do nadal. Tamén se indica que na titulación do Grado en ADE ó control do cumprimento das guías docentes é moi pobre. Dende a coordinación se lles indica que se vai a falar coa decana do Grao en Dereito para convocar unha reunión de coordinación da Simultaneidade, a que serán convocados as/os delegadas/os da Simultaneidade para que poidan transmitir estas queixas á coordinación do Grao en ADE. Ademais, a coordinadora indícalles que o día 3 de Novembro do 2015, o decano da Facultade de Dereito, enviou un email a Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo informando sobre as distintas queixas recollidas nas reunións de coordinación e PAT do Grado en Dereito relativos á Simultaneidade.
 - O delegado da Simultaneidade tamén informa de que, ante a ausencia dunha delegación de alumnos na Facultade de CC Empresariais e Turismo, van a mobilizarse para formar unha delegación de alumnos.
 - O delegado da Simultaneidade prantexa a posibilidade de realizar un único TFG, dado que, na súa opinión, sería legalmente posible. A vicedecana lle enumera todos os inconvenientes que esa opción acarrearía. Acórdase solicitar que o coordinador da materia TFG se reúna cos alumnos da simultaneidade.
 - A delegada de 4º curso indica que non hai queixas sobre a docencia e que o alumnado de dito curso está preocupado porque aínda non se publicou a oferta das prácticas curriculares. A vicedecana lles informa de que o decanato xa ten o listado de despachos e nº de prazas ofertadas e que se publicará en breve. A delegada de curso tamén informa sobre a celebración, o día 19 de Febreiro, da gala San Raimundo. E solicita que, dende o decanato, se promocióne entre o profesorado e se estudie a posibilidade de axudar, mediante unha axuda económica, á delegación de alumnos para a organización deste evento.
 - A delegada de 2º curso indica que na materia Dereito Penal II non existe coordinación entre os dous docentes encargados da materia o que provoca que, por exemplo, se explique dúas veces o mesmo tema do temario. Ademais, non se impartiu algunha clase práctica e non se recuperou ata o final do cuatrimestre. A vicedecana indica que, tras revisar os partes docentes, detectouse a non impartición de unha clase e enviouse un email o profesor solicitando que recuperase dita clase pero non se obtivo resposta. A vicedecana indica que se porán en contacto co profesorado responsable para lles solicitar que dita situación non se volva a repetir.
14. O 22/01/2016 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado con docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade.

Informouse, dende a coordinación das seguintes cuestións:

- Tras haber solicitado o cronograma de actividades académicas para o segundo cuatrimestre, onde se recolla a planificación do traballo docente, semana a semana, destacando as distintas actividades a realizar de cara á avaliación continua do alumnado, non se dispón dos cronogramas das seguintes materias:

Plan G081:

- Introducción ó dereito civil e dereito da persoa

- Historia do dereito

- Dereito civil II. Dereitos reais

Plan G080:

- Dereito penitenciario e penoloxía

- Dereito de danos e responsabilidade civil

Simultaneidade:

- Dereito Constitucional II

- Introducción ó dereito civil e dereito da persoa

- Dereito Civil II

A coordinadora destaca a importancia de elaborar e presentar o cronograma de actividades docentes de cada materia, non só para que cada docente poida valorar a carga de traballo que se solicita ó alumnado cada semana, senón, tamén, para que dende a coordinación se poida reflexar nun calendario na web do centro, para cada curso da titulación, todas as actividades docentes a desenrolar no cuatrimestre e que supoñan unha carga de traballo extra para o alumnado. O

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

obxectivo é evitar solapamentos entre materias en cuanto a fechas nas que se programen probas ou entregas que repercutan na nota final e facilitar ó alumnado o que poida planificar o seu tempo de estudo.

- A coordinadora indica que trasladará á comisión de Calidade a necesidade de estudar si se debería establecer a obrigatoriedade de entregar, ó inicio de cada cuatrimestre, o cronograma detallado da docencia a impartir e probas, traballos a realizar de cada materia, e a penalización da non entrega de dito cronograma.
 - Calquera cambio que se produza en dito cronograma deberá notificarse á coordinación do Grado.
 - Recórdase a importancia de seguir escrupulosamente o indicado na guía docente e programar os distintos métodos de avaliación tendo en conta as competencias que os alumnos deben adquirir en dita materia e cómo se van a avaliar ditas competencias, de cara á próxima acreditación á que se someterá o Grao no próximo curso académico.
 - Asegurarse de recoller e gardar as evidencias necesarias que demostren a avaliación das distintas competencias recollidas na guía da materia (de cara a poder presentalas no próximo curso, durante a visita dos auditores para a acreditación do título).
 - O profesorado que imparte unha materia (e o número de horas a impartir) deberá axustarse ó indicado no POD do departamento. Si se producen cambios ó longo do cuatrimestre, deberán reflexarse no POD. No centro, a única información da que dispoñemos oficialmente para saber quen imparte unha materia ou quen é o coordinador, é a indicada no POD. De aí a necesidade de que o POD estea actualizado.
 - Ó longo do segundo cuatrimestre solicitaranse ó profesorado evidencias de que se convocou ó alumnado ás revisións das probas parciais, traballos, etc.
 - Os coordinadores do PAT deberán convocar, antes do 28 de Febreiro, unha reunión de seguimento co alumnado tutorizado, convocando tamén ó alumnado tutor para que asista a dita reunión.
 - Está en marcha o proceso de Enquisas de Avaliación Docente EAD do 2º cuatrimestre do curso 2015-2016. O prazo de planificación individual por parte do profesorado remata o vindeiro 14 de febreiro. Despois da data devandita, naqueles casos nos que o profesorado non tivese planificada a realización da/s súa/s enquisa/s, o centro poderá completar, se o consideran conveniente, as planificacións correspondentes ás súas titulacións adscritas ata o día 21 de febreiro. As enquisas realizaranse entre o 07 de marzo a 06 de maio. Ante esta información o profesorado presenta na reunión expresa o seu desexo de que neste cuatrimestre todo o proceso de realización das enquisas se leve a cabo de maneira correcta dado que, no primeiro cuatrimestre, producíronse varios erros por parte da empresa responsable da realización das enquisas. Dende a coordinación se lles pide o profesorado que informen de calquera incidencia que se produza o respecto para poñela en coñecemento da Área de Calidade.
 - Do resultado das distintas reunións mantidas coas/os delegadas/os, se desexa transmitir ó profesorado o seguinte:
 - De cara ó curso próximo, é necesario intentar non basear a avaliación do alumnado en valoracións do tipo: “participación activa”. Si se fai, deben de recollese as evidencias que permitan demostrar dita participación activa. Volverase a recalcar este punto o inicio do proceso de elaboración das guías docentes.
 - Tamén se roga que o profesorado que avise con antelación, na medida do posible, da non impartición das clases e do día de recuperación de dita clase (tras un acordo cos alumnos afectados, si é posible).
 - Axustarse ó horario docente de cada materia, comezando e rematando as clases segundo o estipulado en dito horario.
 - As/os delegadas/os de curso solicitaron que o profesorado poña a disposición do alumnado as transparencias que utilizan en aula para impartir a docencia. Dado que a vicedecana lles indicou que é decisión de cada profesor ó publicar dito material, os delegados solicitan que, en todo caso, proporcionen un esquema ou resumo dos puntos tratados en cada clase ou indiquen, ó inicio de cada tema, os capítulos da bibliografía que se deben consultar para preparar dito tema.
15. O 25/01/2016 organizouse, o curso 3.5, fundamentalmente destinado a alumnos de terceiro curso do Grado de Dereito. Os obxectivos deste curso son:
- Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de máster e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
 - Presentar o alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
 - Dar a coñecer o alumnado os recursos e ferramentas que . teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
- Os temas abordados foron os seguintes:
- Prácticas extracurriculares e emprego. D.^a Sandra Morales. FUVI.
 - A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
 - A organización da materia optativa Prácticas externas. Prof.^a Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
 - O Tráballo fin de grao. Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- A mobilidade do estudantado no estranxeiro. Prof.^a Dra. M.^a Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
- Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Máster universitario en avogacía. Prof.^a Dra. M.^a Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Máster universitario en avogacía da Facultade de Dereito.

16. O 4/02/2016, a Vicedecana de Organización Académica, envía un email a todo o profesorado solicitando:

- Levantar acta, segundo o modelo a tal efecto disposto, xa empregado en relación cos exames oficiais -achégase documento-, das revisións das cualificacións acadadas polos alumnos no marco do sistema de avaliación continua -probas parciais, avaliación de prácticas...-
- No caso de contemplar a correspondente guía docente a avaliación da "participación activa" do alumnado -ou cuestións similares (intervencións en debate, exposicións na aula...)-, recoller evidencias da referida avaliación -por exemplo, confeccionando un listado das intervencións dos alumnos determinantes da cualificación acadada.-

En ambos os dous casos, trátase de garantir unha avaliación fundada en criterios obxectivos susceptibles de posterior verificación, particularmente no marco do proceso de acreditación do título no curso 2016-2017.

17. O 10/02/2016 celebrouse unha reunión da Comisión de coordinación do PCEO ADE-Dereito. En dita reunión abordáronse os seguintes temas:

- Constitución da Comisión de coordinación do PCEO:
 - Apróbase por unanimidade constituír a comisión de coordinación do PCEO coa seguinte composición: as persoas que exerzan as funcións de decano/a das Facultades de Ciencias Empresariais e Turismo e Dereito de Ourense (as Prof. Dras. Elena Rivo López e Marta Fernández Prieto) e as responsables das tarefas de coordinación do PCEO (as Prof. Dras. M.^a Dolores Rivero Fernández e Lourdes Borrajo Diz) e con posibilidade de invitar con voz e sen voto ás persoas que se considere, por común acordo, que poidan realizar achegas relevantes para os asuntos que se sometan á comisión.
- Aprobación da proposta de Normativa de composición e funcionamento da Comisión de coordinación do Programa conxunto de estudos oficiais ADE-dereito.
- Aprobación, se procede, da proposta de listaxe priorizada de materias do PCEO a cursar polos alumnos con créditos de formación básica cursados noutros graos da mesma rama de coñecemento aos que non se lle recoñeza a totalidade dos créditos de formación básica do PCEO (75 créditos).
 - A Comisión de recoñecementos e validacións da Facultade de Dereito necesita, para resolver as solicitudes de recoñecementos de materias de formación básica do PCEO por alumnos que cursaron materias de formación básica noutros graos da rama de coñecemento das Ciencias Sociais e Xurídicas, que poidan corresponderlle en virtude do establecido no RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, que se lle facilite unha lista priorizada de materias de formación básica do PCEO que eses alumnos deban cursar cando os créditos de formación básica que haxa que recoñecerlle non alcancen os 75 créditos de formación básica do PCEO. Para establecer a listaxe, o máis equitativo pareceunos elaborar unha proposta que alterne unha materia de ADE e outra de Dereito. En total, dos 75 créditos de formación básica do PCEO, 36 son do grao en Dereito (5 materias) e 39 do grao en ADE (6 materias). Se o alumno ten 45 ou máis créditos de formación básica superados no grao do que provén, deberíanselle recoñecer 45 créditos de formación básica no PCEO -se ten menos, recoñeceríanselle menos-, o que nos obriga a establecer que materias de formación básica do PCEO debe cursar. A lista priorizada permítelle á comisión determinar as materias de formación básica que debe cursar para completar os 75 créditos de formación básica do PCEO. A comisión acorda por asentimento aprobar a listaxe priorizada alternando unha materia do grao en ADE e unha materia do grao en Dereito, aprobar a orde das cinco materias de formación básica do Grao en Dereito do PCEO e aceptar a orde das seis materias de formación básica do Grao en ADE que aprrobe a Comisión de calidade da Facultade de Ciencias Empresariais e de Turismo e, no seu caso, a súa Xunta de Facultade. A relación aprobada é a seguinte:
 - ADE: pendente de determinar
 - Dereito: Dereito constitucional I
 - ADE: pendente de determinar
 - Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa
 - ADE: pendente de determinar
 - Dereito: Teoría do dereito
 - ADE: pendente de determinar
 - Dereito: Dereito constitucional II

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- ADE: pendente de determinar
 - Dereito: Dereito romano
 - ADE: pendente de determinar
- Modificación, se procede, da Táboa de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao estudos do PCEO.
 - A comisión acorda por asentimento substituír na Táboa de validacións para técnicos superiores de Formación Profesional que accedan ao estudos do PCEO a materia Fundamentos da administración do grao en ADE pola materia do PCEO que aprobe a Comisión de calidade da Facultade de Ciencias Empresariais e de Turismo e a súa Xunta de Facultade. A Táboa deberase aprobar nas Xuntas de Facultade de ambos os dous centros e enviarse á Vicerreitoría con competencias de estudantes para a súa remisión á Xunta de Galicia. Pendente de aprobación en ambas Facultades.
- Informes das Sras. coordinadoras dos graos en ADE e en Dereito sobre o balance do curso académico.
 - A coordinadora do Grao en ADE indica que non ten detectado incidencias.
 - Pola súa parte, a coordinadora do Grao en Dereito indica que nas distintas reunións de coordinación mantidas cos delegados de curso do PCEO notificáronse, por parte de estes, as seguintes incidencias:
 1. As/os delegadas/os informan de que, ante a escasa implicación da delegación de alumnos da Facultade de CC Empresariais e Turismo, van a movilizarse para formar unha delegación.
 2. As/os delegadas/os formularon a posibilidade de realizar un único TFG. Dende ambos decanatos se informa de que administrativamente non é posible realizar un único TFG porque de acordo co RD 861/2010 non poden ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes ao TFG. A decana da Facultade de Empresariais e Turismo indica que o que si pode facer o alumnado é buscar un mesmo tema a desenvolver en cada TFG dende unha perspectiva de empresa e xurídica.
 3. En relación cos contidos formativos, as/os delegadas/os poñen de manifesto as dificultades que no plan de estudos do PCEO derivanse da ausencia dunha materia como Matemáticas, que, en xeral, segundo a súa información, existen en practicamente todos os plans de estudos. Os estudantes proceden no seu maioría do bacharelato da rama das ciencias sociais -que é, supostamente, o que facilita o acceso ás titulacións do plan conxunto-, no que cursan Matemáticas orientadas ás ciencias sociais, que non inclúen o estudo das integrais entre os seus contidos formativos. A pesar diso, o coñecemento de integrais, segundo expoñen os alumnos, esíxeselles despois en materias como Estatística, o que supón unha dificultade engadida para eles. Cren que esa dificultade podería paliarse coa inclusión da materia de Matemáticas no plan de estudos. Ante a dificultade que poida entrañar modificar o plan de estudos, quizais sería oportuno polo menos organizar un curso cero para ofrecerlle aos alumnos os contidos requiridos na materia en cuestión. A decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo indica que xa se impartiu un curso cero que recollía todos estes contidos pero que a asistencia do alumnado foi moi baixa. Acórdase que, para o próximo curso, tanto o decanato como as/os delegadas/os deben de insistir, no acto de benvida, ó alumnado de nova incorporación, na necesidade de realizar dito curso.
 4. Horarios: Os estudantes manifestan o seu descontento con que as clases sexan sempre en horario de tarde. En xeral, preferirían ter algún día clase en horario de mañá, no canto de todos os días en horario de tarde. En xeral, preferirían non ter clase os venres pola tarde. Dende ambos decanatos se lles indica que non é posible realizar este cambio dado que na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo se imparten varias titulacións, entre elas, un PCEO coa Escola de Informática, o que dificulta a organización de horarios e dispoñibilidade de aulas. A decana Dña Elena Rivo indícalles que na meirande parte das asignaturas do Grao en ADE o profesorado non ten inconvenientes en que o alumnado asista no grupo que desexe, sempre que existan postos libres na aula.
 5. As/os delegadas/os solicitan que se aumente os puntos de conexión á rede eléctrica para poder asistir o alumnado con equipos portátiles ás clases. Dende ambos decanatos se lles indica que xa se está procedendo a dita tarefa coa axuda da Vicerreitoría do Campus e do orzamento dos centros.
- 18. O 03/03/2016, en Xunta de Facultade, apróbese, por asentimento, a proposta de inclusión de dous representantes do alumnado na Comisión de Coordinación do Grao en Dereito entre as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
- 19. O 07/03/2016 a Vicedecana de Organización Académica envía un email a coordinadora de Grao informando sobre a vinculación de materias do Plan G080 ao Plan G081, coa finalidade de nutrir de máis horas ao Plan G081, plan nuclear, e tendo en conta o escaso número de alumnos do Plan G080. Así, ademais das practicadas de oficio pola Vicerreitoría de Profesorado (no caso de materias coincidentes en denominación, contidos e período de docencia), vinculáronse asimismo as seguintes materias, previo consenso coas áreas implicadas:
 - "Dereito tributario comunitario e internacional" (mención Dereito da UE): vincúlase á materia "Dereito tributario da UE e internacional" (mención Dereito da UE) do plan G81. Neste caso, non houbo cambio de período.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- "Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e Dereito anglosaxón" (mención Dereito da UE): pasa do segundo período ao primeiro período, vinculándose á materia do mesmo nome e mención do plan G81 (mención Dereito xudicial)
 - "Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas" (mención Dereito da UE): pasa do segundo período ao primeiro período, vinculándose á materia do mesmo nome e mención do plan G81 (UE e DS). Por outra banda, "Relacións Internacionais, Constitución e UE" (mención Dereito da UE): pasa do primeiro período ao segundo período (non se vincula á ningunha materia do G81, pero elo permite equilibrar os períodos). Este cambio, non figura na PDA. O traslado á PDA supeditouae á aprobación da Xunta de Facultade. Aprobouse na Xunta de Facultade celebrada o 3 de marzo de 2016.
20. O 15 /03/2016 enviouse un email os os coordinadoras/es de materia, dentro do proceso de seguimento e plan de melloras da titulación de Grao, solicitando que analicen cómo se evalúan todas as competencias asignadas, segundo a ficha de dita materia, e indicando si se detectou algunha competencia que non se vai a avaliar (de modo que se propondría a súa eliminación da ficha, si é posible), sempre que o cambio se consesue cos coordinadores da materia no Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. A resposta dos coordinadores foi a seguinte:
- DEREITO CIVIL II. DEREITOS REAIS: Eliminar do apartado de avaliación: "exposición e debate".
- DEREITO CIVIL III: FAMILIA E SUCESIÓN: Eliminar as seguintes competencias: CB2, CB3, CB4, CG4 y CT4 porque se estima que tales competencias carecen de suficiente interés para a materia e porque as que acreditan un auténtico coñecemento teórico-práctico da materia son as restantes, que son as que realmente se avalían.
- DEREITO DO TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL: Suprimir tres competencias que os coordinadores consideran máis complexas de avaliar na materia: CG2, CT3, CT4.
- DEREITO FINANCIERO E TRIBUTARIO I: Suprimir a competencia CT2 dado que non se avalía.
- DEREITO FINANCIERO E TRIBUTARIO II: Suprimir a competencia CT2 dado que non se avalía.
- DEREITO TRIBUTARIO DA UNIÓN EUROPEA E INTERNACIONAL: Suprimir a competencia CT2 dado que non se avalía.
- XURISDICCIÓNS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA E SOCIA L: Suprimir dúas competencias que os coordinadores consideran máis complexas de avaliar na materia: CG2, CT3.
- DERECHO ADMINISTRATIVO I: Suprimir as competencias CG1. CG2, CT2.
- DERECHO ADMINISTRATIVO II: Suprimir competencias: CG1, CG2, CT2 e modificar o método de avaliación adaptándoo a:
- Proba de resposta corta: de 50% a 75%
 - Estudio de casos: de 20% a 50%
 - Probas obxectivas: de 0% a 20%
 - Outras (participación activa) de 0% a 20%
- DEREITO CONSTITUCIONAL II: Proponen cambiar o sistema de avaliación polo seguinte:
- Examen final: ponderación mínima 60.0 % ponderación máxima 90.0%
 - Resolución de casos prácticos: ponderación mínima 10.0% ponderación máxima 90.0%
 - Resolución de pruebas objetivas: ponderación mínima 10.0% ponderación máxima 90.0%
 - Exposición y debate: ponderación mínima 10.0% ponderación máxima 90.0%
- DEREITO DE DEFENSA DA COMPETENCIA: Modificar o apartado de avaliación para que conste un valor do 70% da cualificación da materia para o exame final e un valor do 30% para a avaliación continua.
- PRÁCTICAS EXTERNAS: a coordinadora de prácticas externas propón engadir, na ficha da materia, no apartado de competencias específicas, as seguintes:
- CE7 - Reconstruír e avaliar argumentacións xurídicas complexas
 - CE23 (CE29 na memoria) - Ser capaz de manexar fontes xurídicas informatizadas
21. O 16/03/2016 enviáse, dende a coordinación, un email solicitando ós profesores a tempo completo das áreas ás que están adscritas as materias optativas, para solicitarlles que revisen a proposta de asignación de competencias específicas (recollidas nun anexo da memoria do Grao como competencias específicas para as materias optativas, pero que non figuran nas fichas das materias) a cada materia que se propón dende a coordinación.
22. O 01/04/2016, a Comisión de Calidade da Facultade acordou que, de cara a preparar do mellor xeito posible as acreditacións inmediatas e futuras, era necesario, ademais das distintas accións propostas no plan de melloras do centro, elaborar un formulario para deixar constancia da titorización dos Traballos de Fin de Grao e dos Traballos de Fin de Máster (un formulario ou ficha no que se poidan reflexar as reunións e seguimento do alumnado titorizado).
- Nesta Comisión tamén se acordou o carácter obrigatorio do cronograma de planificación e desenvolvemento da docencia, co obxectivo de que o contido das guías docentes se implemente de xeito efectivo e non queden partes importantes do temario sen impartir. Probablemente se pida o cronograma cando se inicie o proceso de elaboración das guías docentes e o prazo será

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

máis amplo. Coa finalidade de facilitar a tarefa ao profesorado, achegárase un posible modelo sen perxuízo de que se poida utilizar o que se considere oportuno. Desde a coordinación do Grao e do Máster requiríranse, no seu momento, os correspondentes documentos.

23. O 07/04/2016, aprobouse pola Xunta de Facultade a Normativa de composición e funcionamento da comisión de coordinación do programa conxunto de estudos oficiais ADE-Dereito (PCEO)
24. O 12/04/2016 enviouse un email os alumnos de 3º curso do Grao, solicitando a súa participación nas enquisas de avaliación da satisfacción do Grao en Dereito, curso 2015/2016.
25. O 06/05/2016 celebrouse unha reunión da Coordinadora de Grado e da Vicedecana de Organización Académica cos delegados/as e subdelegados/as de tódolos cursos do Grao en Dereito e Simultaneidade. Nesta reunión recóllense os seguintes comentarios por parte dos alumnos:
 - O delegado de 1º curso informa sobre as queixas dos alumnos con respecto á avaliación subxectiva que se realiza na materia Constitucional II na exposición de traballos. Ante a pregunta da coordinadora sobre qué evidencias recolle o docente relativas a estas exposicións, o delegado informa que non se recollen evidencias. Dende a coordinación se lles indica que se reiterará o profesorado a necesidade de recoller evidencias das distintas probas, traballos, exposicións, que realice o alumnado e que se utilicen para avaliar o alumnado.
 - Os delegados de 2º curso indican que:
 - Nas materias Dº Penal I e Dº Penal II non se avalían os contidos impartidos nas clases prácticas (grupo mediano) o que conleva que os alumnos non asistan ás clases de grupo mediano. A Vicedecana indicalles que é obrigación do alumnado asistir a clases, aínda que non se avalíe dita docencia. Tamén lles indica que xa se enviou un email o profesorado implicado indicando a existencia de varios partes de control de docencia onde se sinala que non asistiron alumnos a clases e a necesidade de analizar a situación que se está a producir para buscar solucións.
 - Na materia Dº Civil II, un dos profesores implicados cambiou o día de impartición dunha clase sen consensualo co alumnado. A Vicedecana indica que no decanato non hai constancia de dito cambio pero que se enviará un email o profesorado implicado solicitando que calquera incidencia na docencia teórica ou práctica se comunique á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente, indicando o día da incidencia, o motivo e o día de recuperación da clase, que se acordará previamente co alumnado a efectos de causarlle as menores distorsións posibles na planificación e desenvolvemento das ensinanzas..
 - Na materia Sistema Xudicial Español e Proceso Civil, o temario é moi denso e o alumnado considera que non posúe os coñecementos necesarios para abordar esta materia. Na súa opinión, esta materia debería situarse no terceiro curso do Grao. A Vicedecana lles comenta que neste momento non se pode prantexar un cambio de ubicación das materias pero que se estudiará para un futuro.
 - O delegado de 4º curso indica que:
 - No exame tipo test da materia Dº Procesual Penal (3º curso) os alumnos detectaron preguntas que non corresponden o temario impartido.
 - Na materia Dº Penal e Procesual de Menores existe pouca coordinación entre os docentes e un dos docentes non se axusta ao indicado na guía docente con respecto ao método de avaliación. A vicedecana indica que se o porá dita queixa en coñecemento do profesorado responsable
 - Na materia Libre Circulación de Traballadores e Políticas Sociais Europeas é necesario, para o próximo curso, contemplar na guía docente, apartado de avaliación, o caso dos alumnos que obteñan un 4 de nota final. Tras a elaboración da guía para o curso 16/17 xa se tivo en conta esta situación.
 - Sería necesario iniciar con máis antelación o proceso de selección para a asignación de prácticas externas. Dende a coordinación se lles indica aos delegados que se transmitirán os docentes todas as queixas e suxerencias recollidas.
26. O 06/05/2016 celebrouse unha reunión da Coordinadora e a Vicedecana de Organización Académica co profesorado con docencia nas materias do Grao en Dereito e Simultaneidade. Informouse, dende a coordinación das seguintes cuestións:
 - Para o próximo curso académico, solicitarase, no mes de xuño deste ano, a entrega do cronograma de actividades académicas, onde se recolla a planificación do traballo docente, semana a semana, destacando as distintas actividades a realizar de cara á avaliación continua do alumnado e o temario a abordar. A entrega de dito cronograma será obrigatoria.
 - Nos próximos días abrírase o proceso de elaboración das guías docentes para o curso 16/17. Recórdase a importancia de seguir escrupulosamente o reflexado nas fichas, programando os distintos métodos de avaliación tendo en conta as competencias que os alumnos deben adquirir en dita materia e recollendo evidencias das avaliacións realizadas dado que na próxima acreditación á que se someterá o Grao durante o curso 16/17, pode ser calquera a materia elixida polos auditores para analizar o cumprimento do reflectido na ficha de dita materia, onde se requirirán ditas evidencias.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Este ano, incorporárase a Docnet o listado de competencias específicas das materias optativas, polo que será necesario que cada coordinador de materia as asocie a súa materia e indique como se van a avaliar.
- De cara ao curso próximo, é necesario intentar non basear a avaliación do alumnado en valoracións do tipo: “participación activa”. Se se fai, deben de recollese as evidencias que permitan demostrar dita participación activa.
- As evidencias recollidas en cada materia deben de ser gardadas por cada coordinador de materia durante tres anos.
- O longo do curso académico, durante a impartición dunha materia, non se pode variar o método de avaliación indicado na guía docente, aínda que se acade un acordo cos alumnos e se consiga a súa aprobación. Hai que axustarse sempre ao indicado na guía docente.
- O profesorado que imparte unha materia (e o número de horas a impartir) deberá axustarse ao indicado no POD do departamento. Se se producen cambios ao longo do cuadrimestre, deberán reflexarse no POD. No centro, a única información da que dispoñemos oficialmente para saber quen imparte unha materia ou quen é o coordinador, é a indicada no POD. Polo que é necesario que o POD esté actualizado.
- Segundo o recollido no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción, o alumnado e o profesorado implicado no PAT cubrirá as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). Así mesmo, as titoras e os titores informarán ao coordinador/a da titulación das dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co alumnado.
- Segundo o procedemento para o seguimento e o control da docencia, calquera incidencia na docencia teórica ou práctica comunicárase á secretaría do Decanato e ao alumnado afectado con antelación suficiente, indicando o día da incidencia, o motivo e o día de recuperación da clase, que se acordará previamente co alumnado a efectos de causarlle as menores distorsións posibles na planificación e desenvolvemento das ensinanzas.
- A Vicedecana de Organización Académica informa das seguintes cuestións:
 - Detección de incumprimentos nos horarios de algunhas materias optativas, que finalizaron, en ocasións a petición do alumnado, as clases no mes de abril, polo que compre recordar que os horarios e calendario académico deben cumprirse con rigor.
 - Traslado dos incumprimentos, graves ou reitados, das obrigas docentes aos Departamentos correspondentes, segundo o sinalado no Procedemento para o Seguimento e Control da Docencia do centro (R2-DO-0201 P1).

Os profesores comunican á coordinación o seguinte:

- O profesorado manifesta o elevado número de casos de copia en exames que se están a producir facendo uso de dispositivos móbiles e a necesidade de intentar buscar unha solución a este problema.
27. O 09/05/16 celebrouse unha reunión de coordinación da comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo cos seguintes obxectivos:
 - revisión da proposta de asignación das competencias específicas de itinerario ás materias optativas
 - aprobación, se procede, do envío da listaxe das devanditas competencias á área de Calidade para a súa inclusión en Docnet.
 28. O 16/05/2016, o Vicedecano de Calidade enviou un email a área de Calidade solicitando cambios na plataforma de elaboración das guías docentes, de cara a facilitar o traballo dos coordinadores de Titulación no proceso de revisión das guías docentes. En concreto, solicitábase o seguinte:
 - permitirlle abrir o cerrar individualmente as guías
 - proporcionar un mecanismo para que as modificacións efectuadas nas mesmas deban ser necesariamente comunicadas á coordinadora.
 29. O 01/06/2016, seguindo o calendario aprobado pola Xunta de Facultade o 31 de maio de 2016, enviouse un email a todo o profesorado responsable de materias no Grado, comunicándolles o calendario de elaboración das guías docentes así como algunhas orientacións a ter en conta neste proceso. Neste proceso de elaboración, os coordinadores de materia, unha vez editadas as guías docentes, remitíronas a Coordinadora de Grao para a súa revisión.
 30. O 03/06/2016, celebrouse un curso no que a Coordinadora de Grado explicou ó profesorado responsable de materias no Grado e Simultaneidade as diferenzas (con respecto a cursos anteriores) na elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet.
 31. O día 12 de xuño rematou o proceso de elaboración das guías docentes. Dende a coordinación elaborouse un documento que recollía todas as incidencias detectadas en cada unha das guías. Dito documento remitiuse os coordinadores de materia o 28 de xuño para que revisasen as súas guías conforme as fichas de incidencias remitidas, ata o luns, día 30 de xuño, ás 9.00 h (no caso do plan G081). Revisáronse, novamente, as 57 guías docentes das materias que se impartirán no Grao en Dereito para o vindeiro curso académico. Nesta revisión encontrouse que:

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Faltaban guías por elaborar.
- Existían guías que non habían sido modificadas ou para as que non se xustificou a súa modificación segundo as incidencias reflexadas no documento remitido os coordinadores.

Transcorrido este prazo, elaborouse un novo documento cas incidencias detectadas e remitiuse, xunto coas guías docentes, a Comisión de Calidade da Facultade de Dereito para a súa revisión e aprobación, si procede.

32. O 2 de xuño de 2016 enviouse un email os titores do PAT e os alumnos titorizados indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). No email solicitábase que enviasen a coordinadora de Grado os anexos correspondentes previamente cubertos.
- Ningún alumno enviou dito cuestionario.
 - Dos nove titores que participaron no PAT, cinco enviaron os anexos solicitados. Algúns titores consideran que a utilidade do PAT é pouca pola escasa participación do alumnado e un dos titores propoñen como mellora que se celebre a primeira reunión de presentación nas primeiras tres semanas do curso.
33. Tamén se enviou un email os estudantes titores do PAT solicitando que enviasen un pequeno informe sobre as reunións mantidas cos alumnos titorizados (maiores das convocadas polos profesores titores, e que cuestións se trataron en ditas reunións (no caso de que se celebrasen máis reunións) e cal foi a resposta a ditas cuestións. Tan só unha estudante titora respondeu o email indicando que non mantera ningunha reunión cos alumnos titores, a excepción das mantidas xunto co profesor titor.
34. O día 6 de xullo celebrouse una reunión da Comisión de Calidade que decidiu:
- Remitir unha consulta á Asesoría Xurídica da Universidade respecto da interpretación do artigo 15 da Lei de Normalización Lingüística e a súa aplicabilidade ao réxime de elaboración das guías docentes na Universidade de Vigo.
 - Validar as guías docentes do Grao en Dereito de primeiro curso, agás as das materias: "Introdución ao dereito civil e dereito da persoa", "Historia do Dereito", "Fundamentos de contabilidade e finanzas", en relación coas que se acorda avisar ás/aos súas/seus respectivas/os coordinadoras/es para que, antes da Xunta extraordinaria de Facultade prevista para ese mesmo día, ás 12:30 h, se emenden os erros que constan no informe de revisión das guías docentes xa que remata o prazo para facer públicas as guías das materias de 1º curso. De non proceder á corrección sinalada aplicarase o establecido no último inciso do capítulo 2-Planificación docente e aprobación das guías docentes do Procedemento para o seguimento e o control da docencia da Facultade que indica textualmente: "A inobservancia inxustificada das recomendacións realizadas polo coordinador, cando sexan substanciais a xuízo da comisión de calidade e poidan causar prexuízos ao alumnado, será tida en conta para a avaliación da actividade docente do profesorado do centro e se así se estima pertinente, será motivo de comunicación oficial ao departamento correspondente e, no seu caso, á Vicerreitoría de Organización Docente e Profesorado"
 - Validar as guías docentes do Grao en Dereito que non presenten ningún defecto e que a seguir se relacionan:
 - Dereito do traballo e da Seguridade Social (Plan G081)
 - Dereito procesual penal (Plan G081)
 - Dereito internacional privado (Plan G081)
 - Dereito financeiro e tributario I (Plan G081)
 - Dereito financeiro e tributario II (Plan G081)
 - Dereito comunitario (Plan G080)
 - Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos (Plan G080)
 - Xurisdición contenciosa-administrativa e proceso laboral (Plan G080)
 - Dereito de defensa da competencia (Plan G080)
 - Dereito mercantil europeo (Plan G080 e Plan G081)
 - Dereito da nacionalidade e da estranxeiría (Plan G080)
 - Prácticas Externas (Plan G080)
 - Dereito tributario da Unión Europea e internacional (Plan G081)
 - Litigación internacional e sostibilidade (Plan G081)
 - Criminoloxía e dereito penitenciario (Plan G081)
 - Dereito da Unión Europea (Plan G081)
 - Dereito penal II (Plan G081)
 - Sistema xudicial español e proceso civil (Plan G081)
 - Enviar un correo aos correspondentes coordinadores das guías docentes do Grao en Dereito que presentan defectos, e que a seguir se relacionan, concedéndolles un prazo (ata o vindeiro venres, día 8 de xullo, ás 14:00 h) para que emenden

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

os problemas detectados, apercibíndolles de que, en caso contrario, aplicarase o último inciso do apartado 2 do procedemento xa mencionado:

- Dereito internacional público (Plan G081)
- Dereito administrativo I (Plan G081)
- Dereito civil II. Dereitos reais (Plan G081)
- Dereito mercantil I (Plan G081)
- Dereito administrativo II (Plan G081)
- Xurisdición contenciosa-administrativa e social (Plan G081)
- Dereito penal e procesual de menores (Plan G080)
- Dereito tributario, comunitario e internacional (Plan G080)
- Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas (Plan G080)
- Tráballo de Fin de Grao (Plan G080)
- Dereito mercantil II (Plan G081)
- Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos (Plan G081)
- Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas (Plan G081)
- Unión Europea, Constitución e medio ambiente (Plan G081)
- Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón (Plan G081)
- Dereito de defensa da competencia (Plan G081)
- Dereito penal e procesual de menores (Plan G081)
- Prácticas externas (Plan G081)
- Argumentación e interpretación xurídica (Plan G080 e Plan G081)
- Dereito de danos e responsabilidade civil (Plan G080 e Plan G081)
- Tráballo de fin de Grao (Plan G081)
- Dereito civil III. Familia e sucesións (Plan G081)
- Relacións internacionais, Constitución e Unión Europea (Plan G080)
- Dereito penitenciario e penoloxía (Plan G080)
- Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón (Plan G080)
- Dereito civil I. Obrigas e contratos (Plan G081)
- Dereito penal I (Plan G081)
- Delegar na Coordinadora do Grao a validación das guías docentes do Grao en Dereito que queden pendentes e que só tiveran defectos substanciais.
- O remate da Comisión de Calidade, contáctase cos coordinadores das seguintes materias: "Introdución ao dereito civil e dereito da persoa", "Historia do Dereito", "Fundamentos de contabilidade e finanzas", indicándolles que deben de emendar os erros que constan no informe de revisión das guías docentes antes da celebración da Xunta de Facultade ese mesmo día as 12:30.
- Na Xunta de Facultade celebrada ese mesmo día acordouse:
 - 1) Aprobar todas as guías docentes do 1º curso e as seguintes guías que non presentan ningún erro:
 - Dereito do traballo e da Seguridade Social (Plan G081)
 - Dereito procesual penal (Plan G081)
 - Dereito internacional privado (Plan G081)
 - Dereito financeiro e tributario I (Plan G081)
 - Dereito financeiro e tributario II (Plan G081)
 - Dereito comunitario (Plan G080)
 - Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos (Plan G080)
 - Xurisdición contenciosa-administrativa e proceso laboral (Plan G080)
 - Dereito de defensa da competencia (Plan G080)
 - Dereito mercantil europeo (Plan G080 e Plan G081)
 - Dereito da nacionalidade e da estranxeiría (Plan G080)
 - Prácticas Externas (Plan G080)
 - Dereito tributario da Unión Europea e internacional (Plan G081)
 - Litigación internacional e sostibilidade (Plan G081)
 - Criminoloxía e dereito penitenciario (Plan G081)
 - Dereito da Unión Europea (Plan G081)
 - Dereito penal II (Plan G081)
 - Sistema xudicial español e proceso civil (Plan G081)
 - 2) Establecer un prazo ata ás 14:00 h do venres, 8 de xullo, para que as/os coordinadoras/es das guías docentes do Grao en Dereito que presenten defectos, emenden os erros que constan no correspondente informe de revisión, indicando que, de non proceder á corrección sinalada aplicarase o establecido no último inciso do capítulo 2-

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Planificación docente e aprobación das guías docentes do Procedemento para o seguimento e o control da docencia da Facultade de Dereito que indica textualmente: "A inobservancia inxustificada das recomendacións realizadas polo coordinador, cando sexan substanciais a xuízo da comisión de calidade e poidan causar prexuízos ao alumnado, será tida en conta para a avaliación da actividade docente do profesorado do centro e se así se estima pertinente, será motivo de comunicación oficial ao departamento correspondente e, no seu caso, á Vicerreitoría de Organización Docente e Profesorado".

- 3) Delegar na Coordinadora do Grao a validación das guías docentes do Grao en Dereito que queden pendentes e que só tiveran defectos substanciais.
 - Polo tanto, dende a coordinación enviouse un email indicando ós coordinadores de materia que se abría un novo prazo (8 de xullo, ás 14:00) para a corrección das guías docentes.
35. O 13 de xullo procedeuse á a publicación das guías dos cursos 2º, 3º e 4º de Grao, tras unha última revisión, e tras verificar que se habían subsanado todos os erros.
36. O 19 de xullo enviouse un email ós coordinadores de materias do Grao en Dereito, solicitando o cronograma das materias das que son responsables, indicando a planificación do traballo docente, semana a semana, destacando as distintas actividades a realizar de cara a avaliación continua do alumnado. Estableceuse como fecha tope de entrega o 31 de agosto, pero ante o reducido número de documentos recibidos, a coordinadora decidiu ampliar o prazo ata o 5 de setembro, enviando un novo email os coordinadores de materia para recordarlles a necesidade de elaborar e entregar o cronograma.

4.3.2. Accións de mellora

- Elaboración dun cronograma de actividades, dentro do marco das prácticas externas.
- Potenciar a elaboración e execución de novos convenios de prácticas externas.
- Organizar un Foro de Emprego Xurídico "Define o teu perfil e as estratexias para a búsqueda activa de emprego" que ofrezca ó alumnado orientación sobre saídas profesionais e estratexias de búsqueda de emprego e sobre as claves para enfocar a súa carreira profesional coas maiores garantías de éxito e información sobre temas de actualidade e de mellora da calidade do emprego
- Facilitar, a través dunha Feira de Emprego Xurídico (que será a Primeira Feira de Emprego Xurídico de Galicia e Norte de Portugal) o encontro entre alumnado e egresados de titulacións do ámbito xurídico e empresas, despachos de avogados e outras institucións, co obxectivo prioritario de fomentar a realización de prácticas e a incorporación dos estudantes e titulados ó mercado laboral. As entidades colaboradoras poderán presentar os seus programas de formación e carreira – programas de prácticas e perfís júnior, profesionais e executivos- e iniciar os seus procesos de selección. A Feira "Orienta iuris" incluírá debates, mesas redondas e talleres que facilitarán a interacción entre estudantes, profesionais e empresas.
- Elaboración dun cronograma de actividades, dentro do marco das prácticas externas.
- Potenciar a elaboración e execución de novos convenios de prácticas externas.
- Buscar alternativas para que os estudantes que terminen o TFG en "fin de carreira" que desexen incorporarse ao Máster Universitario en Avogacía non atopen obstáculos que lles obriguen a perder un ano e non poder encadear os seus estudos de Grao cos seus estudos de Máster.
- Facilitar un enlace directamente dende a web do grao de Dereito ós programas de mobilidade.
- Reflexionar xunto coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo sobre a necesidade de modificar o apartado "5.5.1.2. Resultados de aprendizaxe" da ficha do TFG na memoria do Grao en Dereito.
- Instar a modificación do artigo 3.6. do Regulamento para a realización do Traballo Fin de Grao da Universidade de Vigo para que non se esixa que a guía do TFG sexa a mesma nas dúas facultades (Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e Facultade de Dereito).

4.3.3. Propostas de mellora que surxen da análise do contido do INFORME DE REVISIÓN INTERNA da titulación e do informe final de seguimento da titulación elaborado pola ACSUG

- Analizar a evolución da participación nos programas de mobilidade e as medidas de incentivo que se poderían adoptar
- Incluír na web un apartado "Recursos Humanos" con dous subapartados: "PDI" y "PAS" recollendo a descrición dos recursos humanos dispoñibles para o desenrolo do plan de estudos ademais dos correspondentes ó PDI)
- Recoller na web información sobre o labor docente e investigador do PDI
- Reflexionar sobre a porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da universidade e en programas de mobilidade.

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

- Incorporar como evidencia ao proceso de seguimento información sobre as prácticas realizadas polos estudantes en cada curso en cada unha das sedes, deixando constancia da duración e datas en que se fixeron as mesmas.
- Analizar as causas do reducido rendemento dos estudantes nalgúns materias en comparación con outras que comparten competencias. Da mesma forma recoméndase analizar as causas das grandes diferenzas de rendemento entre sedes nalgúns materias.
- Recompilar información sobre satisfacción de empregadores ou titores externos de prácticas como evidencia dos resultados de aprendizaxe
- Solicitar información sobre inserción laboral dos egresados. Elaborarase un cuestionario para entregar aos alumnos cando veñan recoller o título.
- Analizar as causas da reducida satisfacción dos estudantes e pór en marcha iniciativas enfocadas a melloralas.
- Incluír, dentro do próximo informe de seguimento, datos de demanda e evolución de matrícula que permitan detectar tendencias para complementar a reflexión sobre o perfil de ingreso e a súa relación coas actividades de promoción realizadas.

5. Conclusións

A través das actas das reunións mantidas co alumnado, profesorado, titores/as das prácticas externas e titores/as dos traballos de fin de grao, o equipo de coordinación vén cumprir co establecido na memoria do grao. Ademais, proporcionálles á Comisión de Garantía Interna de Calidade e ao decanato información do proceso de implantación do sistema de garantía interno da calidade do centro no Grao en Dereito e na simultaneidade de estudos ADE-Dereito na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Grao en Dereito e na simultaneidade ADE-Dereito extráese, como principal conclusión, que os datos e indicadores obtidos así como os principais problemas e incidencias detectados pola coordinación foron obxecto de análise minuciosa, tanto dende a Coordinación como na Comisión de Garantía de Calidade, coa finalidade de avanzar na mellora continua da titulación mediante a proposta de accións de mellora. Tras a difusión dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, e tras o seu análise exhaustivo e comparativo coa titulación de Grao en Dereito pola Universidade de Vigo impartida na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e cos resultados totais por rama de coñecemento do ámbito das ciencias sociais e xurídicas e coa media total da Universidade de Vigo, programáronse reunións para analizar os ditos datos a través das correspondentes gráficas, a través fundamentalmente do seguimento do título, e para analizar as principais incidencias, suxestións, debilidades e puntos fortes coa finalidade de establecer as accións de mellora oportunas ou fomentar as boas prácticas.

6. Anexos

Para completar a información, achéganse as actas das reunións, directrices, pautas e informes relativos ás accións de coordinación desenvolvidas no curso académico.

- Informe Seguimento TFG
- Informe de seguimento. Prácticas curriculares
- Informe de seguimento. Relacións internacionais
- Informe Final Revisión das guías docentes 2016-2017
- Informe Final PAT 1516
- Actas da Comisión de Garantía de Calidade

Informe de acción de coordinación do Grao en Dereito

Data: 23/09/2016

Sinaturas:



Vicedecano de Planificación e Calidade
Miguel Ángel Michinel Álvarez




Vicedecana de Organización
Académica
Francisca Fernández Prol




Coordinadora de Relacións Internacionais
Mª Belén Sánchez Ramos



Coordinadora do Grao
Mª Lourdes Borrajo Diz



Coordinador do TFG
Roberto O. Bustillo Bolado



Decana da Facultade de Dereito
Marta Fernández Prieto



Coordinadora de Prácticas Externas
Susana Álvarez González